

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS DE 6 DE XUÑO DE 2013

Na Casa Consistorial do Concello do Barco de Valdeorras, sendo as 19:05 horas do 6 de xuño de 2013, baixo a Presidencia do alcalde-presidente Don Alfredo Laudelino García Rodríguez, reúnense no salón de sesións a Corporación Municipal do Concello do Barco de Valdeorras, aos efectos de realizar a sesión ordinaria convocada para o día da data, os seguintes señores/as:

D. Eduardo Ojea Arias
D. Miguel Neira Ojea
D^a Natalia Álvarez Diéguez
D^a María Mercedes Ana Moldes Ares
D. Aurentino Alonso Araújo
D. Julio Fernández Arias
D^a María Irene Dacal Feijoo
D. Moisés Blanco Paradelo
D. Arsenio Moldes Gómez
D. Carlos Javier Crespo Díaz
D^a Nieves Rodríguez Voces
D^a María Estela Delgado Fernández
D. Antonio Melo García
D^a Manuela Rodríguez Vázquez
D Vitor Manuel Sierra Nieves

Non asiste D. Luis Victorino Arias Fernández, cuxa ausencia é desculpada polo alcalde, debida a motivos familiares.

Interveu como secretario accidental Don José de Lis Santos-Ascarza (resolución de delegación de 24 de maio de 2013). Concorre o interventor D. José Manuel Muñoz Domínguez.

Declarado aberto o acto polo Sr. Alcalde-Presidente, concédeselle a palabra á Sra. Álvarez Diéguez, concelleira delegada de servizos sociais, igualdade e xuventude, quen solicita que se garde un minuto de silencio polo mal ano que se está a pasar en canto a violencia machista se refire, estándose convertendo nun ano negro polas mortes ocorridas. Despois de gardar o minuto de silencio solicitado pola concelleira, de seguido procédese ao estudo dos asuntos incluídos na orde do día.

1º Acta do Pleno da sesión celebrada o día 2 de maio de 2013.

Pregunta o Sr. Alcalde si hai algunha observación que facer á acta da sesión celebrada polo Pleno o día 2 de maio de 2013 e non formulándose ningunha, a devandita acta resulta aprobada por unanimidade dos dezaseis membros asistentes.

2º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo á aprobación da ordenanza fiscal reguladora da taxa do servizo de axuda no fogar do Concello do Barco de Valdeorras, e a derogación da ordenanza fiscal reguladora da taxa do servizo de axuda no fogar do Concello do Barco de Valdeorras (BOP 13/11/2009).

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde quen di que este punto foi ditaminado na Comisión de Facenda do pasado luns, engandindo que, do que se trata, é de adaptar, por obrigación, a ordenanza fiscal reguladora da taxa do servizo de axuda no fogar á ordenanza fiscal que ten a Xunta de Galicia.

Di que se contemplan dúas posibilidades, aqueles usuarios que son de dependencia e aqueles que non son de dependencia, en ámbolos dous casos a taxa que paga cada un destes usuarios está referida á relación existente ente a súa pensión e o IPREM, que en calquera caso sempre será unha porcentaxe referida a un prezo fixado como prezo/hora, e que no caso do concello do Barco son 10,80 euros que, evidentemente, está moi por debaixo do custo real que ten o servizo, porque non soamente debe terse en conta o que custa a persoa que vai prestar o servizo senón tamén todos os demais custes que se derivan da prestación do mesmo.

Di o Alcalde que a partir dese prezo fixado saen unha serie de posibilidades en porcentaxes que os portavoces teñen no seu poder.

Remata o sr Alcalde dando lectura ó ditame da comisión de Facenda.

Concédeselle a palabra ao voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Blanco Paradelo, que fai uso dela para dicir que, antes de comezar coa intervención sobre o asunto da orde do día, quere mostrar os seus mellores desexos ao membro da Corporación, sr Arias Fernández, engadindo que, si por algunha circunstancia, sobre todo cando sexan temas desta índole, hai que suspender un pleno ou cambialo de data o seu Grupo está a disposición do Alcalde para elo, non habendo ningún inconveniente en facelo.

Con respecto ao tema que se está a tratar, di o Sr. Blanco que pode estar de acordo co que dixo o Alcalde, que estase ante unha nova regulación, que hai que adaptarse a un decreto da Xunta de Galicia do mes de marzo de 2012, no que se establecen fundamentalmente novos tramos para o IPREM, que pensa que son máis xustos e máis solidarios, que se trata dun servizo moi necesario que se ten que seguir prestando desde os concellos ou desde calquera outra administración.

Sen embargo, di o concelleiro, que o Alcalde omitiu o que non lle interesou, que utiliza o decreto da Xunta de Galicia como escudo protector para, como sempre, botarlle a culpa á Xunta ou á Deputación das cousas das que nunca ten ningunha responsabilidade, se ben, nesta, si a ten, posto que introduce unha cousa nova que non figuraba na anterior ordenanza, cal é que quere deixar fixado por ordenanza, por normativa municipal, que o prezo da hora será revisado segundo o IPC anual, e eso é una decisión de cada goberno pois o decreto da Xunta non di que os concellos teñan que facer eso.

Di que isto confirma o que dixo o PP no debate das taxas municipais, pois a finais de ano, por demagogia, dixeron que non fán a subir estas taxas pero en xaneiro xa incrementaron as taxas das escolas deportivas, despois as da gardería e agora tócalle a estas, aplicándolle o IPC dende o ano 2009, que estaba conxelado.

Di o concelleiro que si se quere aplicar a subida se faga cando o debate das taxas pero que non se deixe xa estipulado na ordenanza, pois isto significa unha subida importante, polo que lle pide ó sr Alcalde que lle explique porqué ten que deixar fixado este prezo, que é unha decisión política do grupo de goberno, que respecta pero non comparte.

Concédeselle a palabra ó Sr. Sierra Nieves, quen di que o seu Grupo presentou fai un ano unha moción na que adiantaban algo do que se está a falar agora, que se está ante unha situación na que se grava aos que menos teñen, é dicir aos que máis o necesitan.

Di o concelleiro que o Grupo de goberno ten que buscar o norte, pois non se pode ser de esquerdas na rúa e despois nos despachos aplicar ideas neoliberais e de dereitas, que é o que se está reflectindo alí onde goberna o Partido Socialista.

Di o Sr. Sierra que esta suba non lle parece xusta nin solidaria aínda que se escude no decreto da Xunta, polo que vai votar en contra, non obstante sinala que quere facer unha proposta consistente en, ao haber un remanente,

pois cobrarase máis polo servizo e este custará o mesmo, e á vista de que por Lei hai que reinvestir todo ese diñeiro no mesmo servizo de axuda no fogar, utilizar ese remanente para crear unhas becas que repercutan nas familias que precisen máis axuda ou nas familias máis necesitadas neste mesmo servizo.

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde, quen di que a proposta que se presenta ven do departamento de servizos sociais, que a estudian nos servizos económicos e que a única cuestión que plantexan é o incremento do IPC, pois si se fixera un estudio económico o custe ía ser moito maior do que é, e que ao non haber intención de incremento substancial deixouse no IPC.

Di que poñer que se incrementará anualmente no IPC ten o mesmo valor que se non o dixera e logo se incrementara, posto que o Concello decidirá no pleno das taxas si se incrementa ou non.

Finalmente di que cando se fai referencia a que se grava máis aos que menos teñen non é así, pois grávase máis aos que máis teñen, posto que os que gañan catro ou cinco veces o IPREM teñen que pagar máis do que estaban pagando, o que tamén sucedeu coas taxas da gardería.

Fai uso da palabra o Sr. Blanco Paradelo quen di que do que se trata é de ter criterio, pois si fai uns meses se di que non se tocan as taxas de carácter social e uns meses despois se aproveita que hai unha modificación de tramos para subir o prezo, non se ten criterio, sendo unha decisión do Alcalde.

Di que non pode dicirse que ten o mesmo valor poñer que a taxa se incrementará no IPC que non poñelo, pois noutras ordenanzas non se pon se nesta si, por algo será.

Di o concelleiro que tamén no pleno do debate das taxas o Alcalde dixo que non se ían tratar as subidas das taxas sociais e ao mes seguinte subiron as das escolas deportivas, despois as da gardería e agora estas, polo que parece que criterio non hai ningún pero si que hai bastante demagogia.

Di o Sr. Blanco que o decreto de modificación fíxose en marzo do ano 2012 e si o sr Alcalde houbera querido, xa puido facer a modificación no pasado mes de outubro, cando foi o debate das taxas pero non lle interesou, e agora, di que ten que adaptarse antes do próximo mes de outubro polo que imos a aprobala canto antes.

Remata dicindo que si se retira o apartado da revisión do IPC o seu Grupo non ten inconveniente en votar a favor da ordenanza.

Fai uso da palabra o Sr. Sierra Nieves quen di que estráñalle que o grupo do PP vote en contra dun decreto da Xunta.

Di o concelleiro que grávase aos máis necesitados e eso é o desmantelamento do estado de benestar, e que o Partido Socialista, habilmente, está participando en todo eso botándolle a culpa aos de fóra.

Continúa o concelleiro dicindo que, se se lle pon prezo a todo o que se está a falar, unha persoa que cobre 670€ ó mes, tramo no que están a maior parte dos usuarios deste Concello, segundo os servizos sociais municipais, e que estea nun grao 3, nivel 2, é dicir moi dependente, mentres antes pagaba 90€, hoxe ten que pagar 150,89€ ou sexa que a subida é de 60,89€ considerando o Sr. Sierra que é bastante alta.

Di o sr Alcalde que, cando leu minuciosamente o ditame, tamén lle chirriaba o apartado do IPC, sinalando que o equipo de goberno non ten ningún inconveniente en retiralo, e, que vai a adiantar, que non se subirá ningunha taxa para o 2014, salvo algunha que si subirá como a do lixo, porque a vai subir a Xunta e de forma substancial, gracias a un decreto do goberno central de suprimir as primas que cobraba Sogama pola produción de enerxía eléctrica, pero todas as demais, senón cambian as circunstancias económicas do país, en principio non van subir e esta tampouco.

Di o Alcalde que segundo a técnica de servizos sociais había que adaptarse ó decreto posto que senón se facía perdíanse todas as axudas de servizos sociais, e ademais, a adaptación ó decreto é obrigatoria por Lei.

Finalmente di o Alcalde que, en relación co diñeiro que se recade de máis por esta subida, haberá que facer unha proposta concreta e levalo á Comisión.

A continuación indica que se pasa á votación da ordenanza retirando o último parágrafo do artigo 9 (IPC).

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por quince votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Alonso Aradijo, Fernández Arias, Dacal Feijoo, Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz,

Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez) e un en contra (do concelleiro Sierra Nieves) o Pleno acorda:

1-Aprobar a ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE O BARCO DE VALDEORRAS

2-Derogar a ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE O BARCO DE VALDEORRAS.

Artigo 1º.- Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos do 15 ó 27 e 57 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo este Concello establece a taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar.

Artigo 2º.- Feito imponible

Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación do servizo de axuda no fogar, ben directamente ou ben mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos regulados na normativa vixente. A prestación deste servizo está dirixida aos usuarios que se recollen no artigo 3, punto 2 do Regulamento do servizo e para aquelas actuacións recollidas no artigo 4 da mesma norma.

Artigo 3º.- Suxeito pasivo

Serán suxeitos pasivos desta taxa, a título de contribuíntes, as persoas físicas, xurídicas ou entidades ás que se refiren os artigos 35 e 36 da Lei xeral tributaria que soliciten e sexan persoas usuarias da prestación do servizo de axuda no fogar.

Artigo 4º Responsables

Serán responsables solidarios das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ás que se refiren o artigo 42 da Lei xeral tributaria e serán responsables subsidiarios da débeda tributaria as persoas ou entidades ás que se refira o artigo 43 da Lei xeral tributaria. As infraccións e sancións rexeranse, no relativo aos pagamentos, pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, e no resto das materias, polo disposto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Artigo 5.- Determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias da dependencia

1.- A capacidade económica das persoas dependentes, valoradas con dereito recoñecido de atención, mediante o servizo de axuda no fogar, calcularase en atención á súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, a renda e patrimonio do cónxuxe e a existencia de persoas conviventes, economicamente dependentes. Para o cálculo da citada capacidade económica, observaranse os criterios e regras dispostos na Resolución do 2 de decembro de 2008, da Secretaría de Estado de Políticas Sociais, Familia e Atención á Dependencia e Discapacidade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía Persoal e Atención á Dependencia, sobre determinación da capacidade económica do beneficiario e sobre os criterios de participación deste nas prestacións do dito sistema, así como ás normas regulamentarias promulgadas pola Xunta de Galicia que incorporen aquelas regras ao sistema galego de servizos sociais.

2.- O resultado do cálculo da capacidade económica, correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar, constará na resolución do plan individualizado de atención que se desenvolva en cada caso, de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

Artigo 6.- Determinación da capacidade económica das persoas usuarias doutros servizos que impliquen copagamento.

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no artigo anterior, o cómputo da capacidade económica farase de acordo cos seguintes criterios:

1. Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

2. Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte coas regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder.

Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

3. A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual,

e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar

Artigo 7.- Mecanismos de revisión anual para actualización da información relativa á capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias da dependencia e/ou das persoas usuarias doutros servizos que impliquen copagamento.

Para o cómputo da renda teranse en conta os datos correspondentes á última declaración fiscal dispoñible e/ou pensión coñecida. Se os ingresos son irregulares teranse en conta os do ano anterior.

Artigo 8.- Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar.

1.- No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas a efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2.- Nos demais supostos, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

	GRAO I		GRAO II		GRAO III	
	Nivel I	Nivel II	Nivel I	Nivel II	Nivel I	Nivel II
Capacidade económica (referida ó IPREM)	20 h.	30 h.	40 h.	55 h.	70 h.	90 h.
≤ ó 100% do IPREM	0%	0%	0%	0%	0%	0%
>do 100% e ≤ do 115% do IPREM	4,52%	6,56%	8,59%	11,42%	14,47%	18,09%
>do 115% e ≤ do 125% do IPREM	5,41%	7,84%	10,28%	13,66%	17,31%	21,64%
>do 125% e ≤ do 150% do IPREM	5,55%	8,05%	10,54%	14,01%	17,76%	22,19%
>do 150% e ≤ do 175% do IPREM	5,65%	8,19%	10,73%	14,26%	18,07%	22,59%
>do 175% e ≤ do 200% do IPREM	5,72%	8,30%	10,87%	14,45%	18,31%	22,89%
>do 200% e ≤ do 215% do IPREM	5,81%	8,42%	11,03%	14,66%	18,58%	23,23%
>do 215% e ≤ do 250% do IPREM	6,03%	8,75%	11,46%	15,24%	19,31%	24,14%
>do 250% e ≤ do 300% do IPREM	6,24%	9,05%	11,86%	15,76%	19,97%	24,97%
>do 300% e ≤ do 350% do IPREM	6,42%	9,30%	12,19%	16,20%	20,53%	25,66%
>do 350% e ≤ do 400% do IPREM	6,54%	9,48%	12,42%	16,51%	20,93%	26,16%
>do 400% e ≤ do 450% do IPREM	6,63%	9,62%	12,60%	16,75%	21,22%	26,53%
>do 450% e ≤ do 500% do IPREM	6,70%	9,72%	12,74%	16,93%	21,45%	26,82%

Superior ó 500% do IPREM	6,76%	9,80%	12,84%	17,07%	21,63%	27,04%
--------------------------	-------	-------	--------	--------	--------	--------

3.- Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao e nivel correspondente, a cantidade para pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

4.- En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento, poderá exceder do 65% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

Esta táboa será revisada automaticamente todos os anos coa actualización do IPREM.

Artigo 9.- Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento

1.- Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrência, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ó cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo co establecido no artigo 16 da ordenanza reguladora do SAF.

CAPACIDADE ECONÓMICA	Participación no custe do servizo de SAF básico
Menor de 0,80 IPREM	0%
Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,50 IPREM	10%
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2,00 IPREM	20%
Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,50 IPREM	50%
Maior de 2,50 IPREM	80%

2.- Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestruturación familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

3.- En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

Esta táboa será revisada automaticamente todos os anos coa actualización do IPREM.

O importe da taxa estará determinado polo custo real da hora da prestación do servizo de axuda no fogar: para o ano 2013 o prezo da hora é de 10,80 €/hora.

Ao abeiro do establecido no artigo 47.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, delégase na Xunta de Goberno Local a competencia para a modificación dos ditos importes en función das variacións no custo do servizo.

Artigo 10.- Afectación dos ingresos municipais polo copagamento dos servizos
De conformidade co artigo 56.7 de Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, en todo caso, os ingresos que recade o Concello de O Barco de Valdeorras, en concepto de achega das persoas usuarias para a súa participación no custo dos servizos sociais comunitarios, estarán afectados ao financiamento dos servizos sociais que reciban.

Artigo 11.- Obrigados ao pagamento
Están obrigados ao pagamento da taxa regulada nesta ordenanza as persoas usuarias beneficiarias do servizo prestado por este concello ás que se refire o artigo 5 da Ordenanza reguladora do SAF.

Artigo 12.- Dereito á percepción e período impositivo
**A primeira utilización do servizo producirase no momento de autorizar a prestación da axuda polo órgano competente.
Servizo xa concedido: producirase o primeiro día do mes natural seguinte.**

Artigo 13.- Liquidación e ingreso
**Estarán obrigados ao pagamento da taxa regulada nesta ordenanza todas as persoas usuarias ás que se lles preste o servizo de axuda no fogar.
A obriga do pagamento por parte dos usuarios nace dende o momento no que se comece a prestar o servizo de forma efectiva.
As tarifas contempladas nesta ordenanza satisfaranse con carácter posterior á prestación do servizo e con carácter específico, durante a primeira quincena do mes seguinte.**

Por parte do Concello e sobre a base do parte de traballo asinado, conxuntamente pola persoa usuaria e polo persoal de atención directa, elaborárase un recibo individual, o que debe conter o número de horas mensual e o prezo/hora, co importe correspondente ao servizo prestado no mes anterior que se remitirá á entidade bancaria elixida pola persoa beneficiaria para que se efectúe o pagamento ou o seu ingreso no número de conta designado polo concello.

Para a liquidación estarase tamén ao disposto nos artigos 8 e 9 da Orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar e, os artigos 8 e 9 da Ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do Concello do Barco de Valdeorras.

Artigo 14.- Normas de xestión

Coa solicitude da prestación do servizo xustificaranse os ingresos para a determinación da tarifa para aplicar.

A baixa na prestación do servizo producirá efecto no mesmo día no que se solicite ou se declare de oficio.

Poderase solicitar, cando así o estimen conveniente os servizos sociais comunitarios básicos, e polo menos unha vez ao ano, a documentación acreditativa na que se reflecta a súa capacidade económica.

Disposición derogatoria

Esta ordenanza derroga expresamente a ordenanza anterior reguladora da taxa de prestación do servizo público de axuda no fogar.

Disposición derradeira

Esta ordenanza, unha vez publicada no BOP e transcorrido o prazo ao que se refire o artigo 70.2, en relación co 65.2 da Lei 7/1985, comezará a aplicarse o día seguinte da súa publicación, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa

.-A apertura do preceptivo período de información pública mediante inserción de anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia. Os interesados disporán dun prazo de 30 días a contar dende o seguinte á publicación do anuncio no BOP, para examina-lo expediente na Secretaría do Concello e realiza-las reclamacións que estimen oportunas.

-Caso de presentarse reclamacións en prazo, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación, procedendo, no seu caso, a aprobación do Acordo definitivo.

-Caso de non presentarse reclamacións en prazo, este Acordo, ata entón provisional, quedará elevado a definitivo.

-O Acordo definitivo, co texto completo da modificación, será publicado no BOP a efectos da súa entrada en vigor ó día seguinte.

Concédeselle a palabra á concelleira delegada de servizos sociais, Sra. Álvarez Diéguez, quen fai uso dela para dicir que a interpretación do Sr. Blanco Paradelo é moi subxectiva, posto que ó mellor non era por un beneficio político senón que simplemente atrasouse a aprobación desta taxa para que non amentase o diñeiro que pagan os usuarios.

Fai uso da palabra o sr Blanco Paradelo para pedirlle ó Alcalde que organice as intervencións, posto que despois de cerrar el o debate non deben intervir os demais membros da Corporación.

Di o Sr. Alcalde que precisamente este Pleno caracterizouse sempre porque a xente opine, e que se quere que se establezan estrictamente as intervencións será para todos.

3º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda. Contas e Promoción Económica relativo á modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde quen di que hai unha emenda de adición que presenta o PP, que, copiada literalmente, di:

“ Enmienda de adición:

- Se concederá una bonificación del Impuesto de Construcciones, Instalaciones y Obras (ICIO) del 50% para las obras de mejora de fachada, de cubiertas y sustitución de canalones que se realicen en inmuebles destinados a viviendas

- Se concederá una bonificación del Impuesto de Construcciones, Instalaciones y Obras (ICIO) del 75% para TODOS LOS PROYECTOS DE OBRA NUEVA, ACONDICIONAMIENTO O REFORMA DE INMUEBLES DESTINADOS A USO INDUSTRIAL, COMERCIAL O PROFESIONAL. ”

Indica o sr. Alcalde que a modificación que se trae neste punto, en síntese, consiste en ampliar a bonificación do 95% do ICIO por fomento de emprego, aplicable ás construcións realizadas en solo industrial, a calquera instalación ou obra que afecte a empresas industriais ou de servizos de nova implantación ou ampliación de negocio, que estea onde estea, xere alomenos dous postos de traballo.

Concédeselle a palabra ó voceiro do PP, Sr. Blanco Paradelo, quen di que o seu Grupo está a favor desto, pois lévano pedindo dende fai moito tempo, xa que se trata de impulsos, de mandar unha mensaxe de que o Concello, a Administración máis cercana quere fomentar o emprego.

Di que non obstante debe falar novamente de falta de criterio.

Di o Sr. concelleiro que leva dende xaneiro querendo debater unhas bonificacións, ao que primeiro se comprometeu e despois se negou o Alcalde, que presentou unha moción e foi rexeitada, dicindo o Sr. Alcalde que non viña acompañada dun informe económico, celeridade da medida, que non supuña moito a cantidade a forrar polos cidadáns no ICIO....,

descualificando a súa proposta, supoñendo que esas mesmas razóns valerán para hoxe, que non cambiou a realidade.

Di o Sr. concelleiro que presentan a emenda de adición porque na modificación estase obviando que haxa xente que queira abrir ou ampliar o seu negocio e xa se verá, se a cousa vai ben, se poden contratar a alguén, deixándose fora a esa xente, pois na modificación dise que se ten que ter como mínimo dous traballadores, polo que pensa que esta modificación é para que practicamente non se poda acoller ninguén á bonificación, senón só para quedar ben co titular.

Di que non entende que se botara por terra a súa proposta e agora se esixan dous ou máis empregados, cando nestes intres hai que loitar pola consolidación do emprego e o seu crecemento, aínda que sexa pouco a pouco, non entendendo coma, por exemplo, unha autónomo que amplíe o seu negocio e contrate a unha persoa, aínda que sexa a media xornada, quede fora da modificación.

Di o concelleiro que non é xusto que o que xera un posto de traballo non teña bonificación e si xera dous si, e que tampouco é xusto que quen teña unha casa no casco vello reciba bonificación e o que a teña a quince metros non a reciba, lembrándolle ao Alcalde cando o Concello cobraba cero por arranxar ou reparar as fachadas.

Por eso, di concelleiro que a súa emenda é de adición ao propoñer unha bonificación do 50% para obras de mellora de fachadas, cubertas e substitución de canalóns realizadas en vivendas, de tal xeito que se mande unha mensaxe ao sector das reformas e rehabilitacións, aínda que sexa de modo transitorio á vista de coma están as cousas, así coma unha bonificación do 75% para todos os proxectos de obra nova, acondicionamento ou reforma de inmobles destinados a uso industrial, comercial ou profesional, para que se acollan aquelas persoas que queiran, de forma valente, seguir apostando por manter o seu negocio ou contratar a alguén, aínda que sexa a media xornada.

Finalmente di o Sr. Blanco que se engada esta emenda de adición porque a normativa o permite, indicando que hai concellos gobernados polo Partido Socialista que aplican este tipo de bonificacións.

Remata o concelleiro sinalando que deberían cambiarse algunhas condicións na modificación como a de ter que manter o emprego durante tres anos, por ser excesivas nestes momentos, crendo que ninguén vai a utilizar a picaresca de contratar a dous persoas e despois despedilas so para acollerse a bonificación.

Concédeselle a palabra ó voceiro do BNG, Sr. Sierra Nieves, quen di que ó final, despois da insistencia do PP, o Alcalde faille caso e espera que sexa tamén receptivo coas propostas que lle fai o BNG.

Di o concelleiro que, evidentemente, van apoiar a modificación aínda que haberá que comprobar si a empresa solicitante da bonificación contrata a dous traballadores ou traballadoras e si están tres anos ou non.

Pregunta o Sr. Sierra por qué tres anos e non catro e cáles van a ser os xeitos de comprobar eso, posto que en concellos veciños moitas empresas se aproveitaron desas bonificacións e deses favores que lle fixeron os concellos, regalando terreos incluso, ao prometer miles de postos de traballo e ao final foron moitísimos menos.

Finalmente di que van apoiar a modificación, como xa dixo anteriormente, pero que lle gustaría saber de onde se pensa sacar os recursos para compensar estas bonificacións.

Contesta o Sr. Alcalde dicindo que proponse tres anos para darlle unha certa estabilidade aos contratos laborais.

Dille ao voceiro do PP que se piden tres anos o mesmo que fai a Xunta co plan AGADER, pero, neste caso, pedindo cinco, e que se vai mal o negocio ten que devolver o recibido, polo que o discurso victimista que fixo tenllo que aplicar á Xunta. Continúa dicindo que é bastante habitual que o que recibe un beneficio da Administración teña unhas contrapartidas, que son cuestións habituais e que o Concello decidiu rebaixar neste caso a tres para darlle unha certa estabilidade.

Di o Alcalde que sobre a pregunta que de onde se pensa sacar os recursos, que ogallá que se teñan moitas bonificacións de ICIO e moitas perdas, que non o serán, pois se non houbera esas obras a recadación sería cero e así será o 5%, que en ningún caso suporá unha quebra económica para o Concello.

Sobre a emenda, di que o voceiro do PP fixo unha serie de propostas e está empeñado en que se as aproben, e que poden aprobarse ou non, que ese é o debate político.

Di que segundo a emenda, se plantexa rebaixar ó 50% no tema de cubertas e substitución de canalóns, sabendo o voceiro do PP que por parte da Xunta houbo subvencións a este efecto o ano pasado, e que non todas as administracións teñen que ir no mesmo sentido subvencionando todos o mesmo, poñendo o Concello a énfase non nas cubertas e si na xeración de emprego.

Di o Sr. Alcalde que, no tema das fachadas, o Concello vai promulgar unha orde de subvención de fachadas pero non de calquera fachada, se non das de zonas históricas ou núcleos rurais.

Indica o Sr. Alcalde que a cantidade que se aforraría cada veciño dunha comunidade no ICIO en caso de arranxar unha fachada é pequena, e que se sé da unha subvención para o arranxo de fachadas nunha zona histórica ou nun núcleo rural, o beneficio que ten non é so para o dono da casa senón que é para o conxunto do pobo porque se pode producir un efecto chamada e pódese conseguir que se empecen e arranxar fachadas e que os pobos cambien de fisonomía, e que é o que se pretende polo grupo de goberno, sendo tan lexítima esta proposta coma a que plantexa o PP.

Di o Alcalde que en relación co segundo apartado da emenda, propónse a bonificación do 75% cando o Grupo de Goberno plantexa o 95%, polo que lle parece que faltou algunha palabra para clarificar o tema.

Remata o Sr. Alcalde dicindo que en calquera caso, a proposta é un avance para o fomento do emprego, e o grupo de goberno vai a aprobar a proposta de modificación tal e como a presentaron e non van a aceptar a emenda.

Fai uso da palabra o Sr Blanco Paradelo quen di que é unha emenda de adición e non de substitución, e que con esa segunda parte da emenda, se están a cubrir os inmobles que deixa abandonados a modificación, os que non teñen dereito á bonificación, como os que fagan obras de ampliación ou mellora dun local comercial ou os que creen un posto de traballo.

Di o concelleiro que nestes momentos benvido sexa o emprego, sexan seis meses, oito ou doce, pois ó mellor a antesala de crear emprego indefinido e fixo pasa polo emprego temporal e que lle gustaría que o Sr. Alcalde houbese tido o mesmo rigor na xustificación dos empregos que agora

indica, na xustificación dos empregos nas obras do plan E, con informes desfavorables neste aspecto e sen cumprirse as contratacións.

Dille ó voceiro do BNG que a recadación do ICIO, como xa llo dixo o Alcalde noutro momento, foi de 3.804€

Di o Sr. Blanco, para concluír, que, no cando fixo a súa proposta de bonificacións esta foi rexeitada, dicindo o Alcalde que ía crear unha partida de 15.000 euros para arranxo de fachadas e vivendas en núcleos tradicionais, e que facía un mes que lle dera o listado de ingresos e gastos ó Interventor, se ben, el aínda non o viu como portavoz do PP, nin os seus compañeiros tampouco, nin se levou a ningunha Comisión, que foi para saír do paso.

Remata o concelleiro dicindo que falta criterio e conclúe que se utilizan os argumentos para votar en contra das propostas e que despois lles da a volta para aplicarllas.

Fai uso da palabra o Sr. Sierra Nieves quen di que o sr Alcalde non lle respondeu qué tipo de controis vai a exercer a administración municipal para saber si eses traballadores van a estar tres anos ou menos.

Dille o concelleiro ó Sr. Blanco que os datos que lle deu xa os coñece e que a súa pregunta era de onde o Concello pensa sacar os recursos para suplir esa falta, e que xa que fala de emprego e lle nomeou, que está nun foro moi axeitado para crealo polo que si non o fan será porque non queren.

Di o sr Alcalde que aos tres anos requirirase ás empresas para que presenten a documentación deses contratos, que eso é un tema técnico que non compete ao alcalde debatelo agora.

Di que se fala de falta de criterio alegremente e se pregunta ¿criterio por parte de quen, do equipo de goberno ou da alcaldía, ou criterio por parte do que invariablemente pleno tras pleno pide rebaixas de impostos e de taxas municipais e logo dende o Goberno Central ou dende a Xunta, gobernados polo PP, estanse subindo os impostos un día si e outro tamén?, porque hoxe está chegando aos veciños do Barco o recibo do Consorcio de Augas coa taxa de depuración que creou a Xunta, e ese é un novo imposto, unha nova taxa, que todos imos ter que pagar pola depuración de augas, e que non di que estea mal, de feito aceptouno integrándose no Consorcio de Augas, porque os servizos hai que pagalos.

Di que o que non se pode dicir é que cando estou na oposición baixen todo onde estou, pero onde estou gobernando defendo a subida de taxas e impostos porque hai que ter diñeiro para prestar servizos.

Remata o Sr. Alcalde dicindo que cando se fala de falta de criterio deberíase facer un análise pormenorizado de todas estas cousas.

Sometida a votación a emenda presentada é rexeitada, en votación ordinaria, por oito votos en contra (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Alonso Araújo, Fernández Arias e Dacal Feijoo), unha abstención (do concelleiro Sierra Nieves) e sete votos a favor (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez)

Rematado o debate o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezaseis membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

1º.-A modificación da ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS, que quedará redactada do seguinte xeito:

Artigo 6. Bonificacións

- Habrá especial interese social e de fomento de emprego:

Cando as construcións, instalacións ou obras que afecten a empresas industriais ou de servizos de nova implantación ou ampliación do negocio, que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento de emprego que xustifique tal declaración.

1-Para ese efecto os interesados, con anterioridade á data do devengo deberán presentar solicitude ante a Administración municipal acompañando memoria sobre o fomento de emprego que van xerar na que conste número de traballadores, categoría profesional, modalidade e duración do contrato, e tipo de industria ou servizo a crear.

A bonificación aplicable determinarase en base ao número de postos de traballo que se contraten, de conformidade coa seguinte escala:

NÚMERO DE TRABALLADORES	BONIFICACIÓN %
De 2 ou mais traballadores	95%

Unha vez concluída a obra o suxeito pasivo deberá presentar xustificante de creación de emprego. De non cumprirse esta circunstancia perderase o beneficio obtido practicándose a liquidación que corresponda.

Igualmente perderase o beneficio si o suxeito pasivo do tributo non mantén o número

de traballadores a que dá dereito o goce da bonificación durante un período de tres anos a contar desde a data de inicio da actividade, nese caso procederá a xirar a correspondente liquidación tributaria. Coa finalidade de xustificar o cumprimento do requisito referido á creación de emprego, o Concello poderá esixir á empresa beneficiaria que aporte no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte á recepción do requerimento pola interesada, calquera documentación esixida pola normativa laboral, de Seguridade Social, etc. e que estime oportuna a devanditos efectos.

.-A apertura do preceptivo período de información pública mediante inserción de anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia. Os interesados disporán dun prazo de 30 días a contar dende o seguinte á publicación do anuncio no BOP, para examina-lo expediente na Secretaría do Concello e realiza-las reclamacións que estimen oportunas.

-Caso de presentarse reclamacións en prazo, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación, procedendo, no seu caso, a aprobación do Acordo definitivo.

-Caso de non presentarse reclamacións en prazo, este Acordo, ata entón provisional, quedará elevado a definitivo.

-O Acordo definitivo, co texto completo da modificación, será publicado no BOP a efectos da súa entrada en vigor ó día seguinte.

4º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda. Contas e Promoción Económica relativo ao acordo para exercicio potestade de revisión do inmovible cedido gratuitamente á Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia (acordo Pleno 04-12-2003).

Di o sr alcalde que no pleno de abril adoptou o acordo de inicio de reversión da Casa Río Cigüieño ó Concello, que se lle comunicou á Xunta de Galicia e a Agader, dándolle prazo de alegacións, sen que se presentara ningunha. De seguido da lectura ó ditame da comisión informativa.

Concédeselle a palabra ó Sr. Sierra Nieves, quen di que está de acordo pois pensa que ese edificio ten que xestionalo a administración máis próxima á cidadanía, pero que espera que o Sr. Alcalde, na segunda intervención, traia unha batería de propostas para ese edificio.

Di o Sr. Alcalde que o que se está a facer é acordar a reversión dun edificio e que el non estivo no mesmo, pois considera que ata mañá non ten ningunha capacidade, nin ningún dereito, a entrar nese edificio, e que mañá verá como está por dentro e que hai exactamente.

Di que, en calquera caso, xa adiantou o que se podería facer: a planta baixa, por exemplo, podería dedicarse ao Consorcio de Augas; outra parte ao

Consortio de Turismo, por ser un edificio emblemático para ese Consorcio; o salón de actos pensa que ten utilidade como salón de actos ó igual que a sala de exposicións, pois o Concello debe de garantir unha sala de exposicións e, por último, a planta primeira xa se verá a que se dedica, pois en ningún caso hai decisión tomada e xa se tomará e se informará suficientemente á Corporación.

Fai uso da palabra o Sr. Sierra Nieves quen di que o sr Alcalde non ten proxecto, que quere solicitar un edificio para o que non ten proxecto, co que se demostra unha vez máis que este equipo de goberno vai ao que xurda, sen ter moito criterio.

Di o concelleiro que ese edificio volverase a converter nun edificio administrativo onde se lle vai dar un espazo a unha empresa privada, que vai levar o Consorcio de Augas, que é a mesma que o leva agora e que o Sr. Alcalde di que é o sitio máis axeitado para a oficina de Turismo, cando ningún turista cae por ese barrio, xa que en tal caso caen no Malecón.

Continúa o Sr. concelleiro referíndose ao dito polo Sr. Alcalde: salón de actos, que hai que mantelo, e despois, sala de exposicións, sinalando que por fin empeza a darse conta despois de todas as veces que o dixo o BNG que nesta Vila non hai unha sala de exposicións, que parece que o Sr. Alcalde xa se deu conta, aínda que supón que lle da igual pois a cultura non lle importa moito, indicando que non so ten que haber unha sala de exposicións senón que ten que haber programación de exposicións.

Finaliza o Sr. Sierra dicindo que hai moitas propostas para non converter ese edificio nun edificio administrativo, xa que é un edificio axeitadísimo para todo tipo de propostas culturais, e tamén, por exemplo, para facer un banco de alimentos.

Di o sr Alcalde que o Sr. Sierra ten un problema de ego bastante subido e parécelle que solo o que se lle ocorre a el ten valor e todo o que opinen os demais non.

Di que en relación co proxecto, moitas veces é bo darlle canta menos publicidade mellor, e ademais o que se trae neste punto é a reversión da Casa Río Cigüeño.

Rematado o debate o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezaseis membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

O Pleno do Concello do Barco de Valdeorras, en sesión celebrada o 4 de decembro de 2003, acordou, unha vez tramitado o correspondente expediente administrativo (segundo acordos de 2 de outubro de 2003 e 4 de decembro de 2003) ceder gratuitamente á Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia unha finca de 3695 metros cadrados, para destino a Centro Comarcal de Valdeorras (achégase certificado de acordo). Non consta nos arquivos municipais que a doazón fora formalizada en escritura pública e, de feito, o ben segue estando rexistrado a nome do Concello do Barco de Valdeorras. Na finca atópase a denominada “Casa Río Cigüeiro”.

Pola Lei 12/2008, do 3 de decembro, autorízase ó Consello da Xunta de Galicia a proceder á disolución da Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia (DOG núm. 244 de 17 de decembro de 2008). Facúltase ao Consello da Xunta de Galicia para establecer o réxime do patrimonio e do persoal da sociedade, de acordo coa D.A. primeira desa Lei. No que aquí interesa establececese que o patrimonio se integrará no patrimonio da Comunidade Autónoma e quedaría adscrito ás sociedades e funcións de dita sociedade, de acordo co previsto na normativa de aplicación do patrimonio da Comunidade Autónoma galega e pola Lei 15/2010, de 28 de decembro (DOG núm. 250 de 30 de decembro de 2010) estableceu, de xeito similar á lei anterior, a autorización ao Consello da Xunta de Galicia para proceder á disolución, a Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, que o seu patrimonio se integrará no patrimonio da Comunidade Autónoma, e quedará adscrito á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural ou ao Instituto de Estudos do Territorio, de acordo co previsto na normativa aplicable en materia de patrimonio da Comunidade Autónoma galega. Por iso, desde o momento no que se produza a extinción da personalidade xurídica da sociedade anónima, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural ou o Instituto de Estudos do Territorio, en función das novas competencias atribuídas, subrogaranse en todos os dereitos e obrigas da Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, así como dos que se deriven dos contratos nos que a devandita sociedade fose parte, sen que esta subrogación poida reputarse como cesión de contratos. Como consecuencia inmediata da disolución, actualmente o ben non está sendo destinado ao fin que xustificou a cesión (“destino a Centro comarcal de Valdeorras”), polo que se incumpre a condición de destino do ben cedido nas condicións establecidas polo artigo 111 do Regulamento de Bens das Entidades Locais: “1. Si los bienes cedidos no fuesen destinados al uso dentro del plazo señalado en el acuerdo de cesión o dejasen de serlo posteriormente se considerará resuelta la cesión y revertirán aquellos a la Corporación Local, la cual tendrá derecho a

percibir de la entidad beneficiaria, previa tasación pericial, el valor de los detrimentos experimentados por los bienes cedidos. 2. Si en el acuerdo de cesión no se estipula otra cosa, se entenderá que los fines para los cuales se hubieran otorgado deberán cumplirse en el plazo máximo de cinco años, debiendo mantenerse su destino durante los treinta años siguientes. 3. Los bienes cedidos revertirán, en su caso, al patrimonio de la entidad cedente con todas sus pertenencias y accesiones.”

Logo de poñerse en contacto coa Consellería de Facenda e Agader (escritos de saída do rexistro do Concello de 12 de febreiro de 2013) sen ter resposta, propúxose e o Pleno da Corporación acordou:

PRIMEIRO: Iniciar o expediente administrativo para deixar sen efecto a cesión gratuita de ben inmovible (cesión que non chegou a elevarse a escritura pública) e declarar incumplida a condición, que exige o artigo 111 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, relativa a manter o destino durante os trinta anos seguintes ao fin que xustificou a cesión gratuita do ben, e polo tanto exercer a potestade administrativa de reversión do ben cedido mediante acordo plenario de 4 de decembro de 2003 á Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia. Este ben inmovible atópase inscrito no Rexistro da Propiedade no folio 45, do libro 183 do Barco, Tomo 568 do arquivo, finca 21.029 e cuxa descrición e a seguinte:

URBANA: SOLAR, sinalado con el número cinco de la calle A Veiguiña, que mide unos tres mil seiscientos noventa y cinco metros cuadrados, con una casa, en mal estado de conservación, compuesta de planta baja, cuadras y otros servicios, y planta alta a vivienda, que ocupa unos setecientos sesenta metros cuadrados por planta. Linda, en conjunto: Norte y Este, resto de finca matriz; Sur calle A Veiguiña y Oeste, Avenida del Bierzo.

SEGUNDO: A incoación deste expediente supón a interrupción do prazo para o exercicio da potestade de reversión.

TERCEIRO: Notificar á AGADER e a Xunta de Galicia o inicio do procedemento de reversión, dando audiencia para que, polo prazo de dez días dende a notificación deste acordo, aleguen e presenten os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.

Unha vez transcurrido o período de audiencia, sen que se tivera realizado alegación ou suxestión algunha, o Pleno por unanimidade acorda:

PRIMEIRO: exercer a potestade administrativa de reversión sobre o ben inmovible cedido mediante acordo plenario de 4 de decembro de 2003 á Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de

Galicia, por incumplir esta Sociedade a condición de manter o destino do ben ao fin que xustificou a súa cesión gratuíta durante os trinta anos seguintes á cesión. Este ben inmoble sobre o que se exerce a potestade de reversión atópase inscrito no Rexistro da Propiedade no folio 45, do libro 183 do Barco, Tomo 568 do arquivo, finca 21.029 coa seguinte descrición: “URBANA: SOLAR, sañalado con el número cinco de la calle A Veiguiña, que mide unos tres mil seiscientos noventa y cinco metros cuadrados , con una cas, en mal estado de conservación, compuesta de planta baja, cuadras y otros servicios, y planta alta a vivienda, que ocupa unos setecientos sesenta metros cuadrados por planta. Linda, en conjunto: Norte y Este, resto de finca matriz; Sur, calle A Veiguiña y Oeste, Avenida del Bierzo.”

SEGUNDO: Notificar á AGADER e á Xunta de Galicia o presente acordo, con expresión dos recursos que procedan.

5º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda. Contas e Promoción Económica sobre concesión de bonificación do ICIO solicitada por Francisco Álvarez Prada.

Di o Sr. Alcalde que trátase dunha obra na rúa Real, nº 16, para levantamento e reparación de cuberta.

Non producíndose debate, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezaseis membros asistentes, o Pleno acorda:

Primeiro: A declaración formal da obra solicitada por D Francisco Álvarez Prada (R.E. 7 de maio de 2013) de interese social e histórico artística, por concorrer circunstancias de edificación de interese histórico artísticas e culturais.

Segundo: Propoñer á Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 95% do I.C.I.O.

6º Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, proposición da alcaldía relativa a aprobación do expediente de contratación do servizo público de Ordenación e Regulación de Aparcamiento de vehículos na vía pública “O.R.A.” e grúa municipal.

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, o Sr. Alcalde di que o asunto tráese coma proposición porque non estaban todos os informes no expediente que se levou á Comisión de Facenda, e que alí deuse conta de que se incluíría na

orde do día e traería ao Pleno. Di que unha vez estiveron feitos os informes, obraron en poder dos portavoces, e de seguido da lectura á proposta presentada.

Di o Alcalde que efectivamente o expediente tráese tarde, que era a súa intención traer este expediente de contratación do servizo xuntamente co expediente do regulamento da O.R.A., pero que pola Secretaría do Concello díxose que primeiro habería que aprobar a modificación do regulamento, regulamento aprobado, exposto ao público e pendente de publicación no BOP para a entrada en vigor de modo inminente.

Indica que se trata dun tema xa debatido no pleno de aprobación do regulamento e que non ten sentido, aínda que non será así, repetir o debate.

Finaliza indicando que pensa que vai ser un concurso libre e absolutamente transparente e que espera que se resolva canto antes para resolver este retraso esaxerado na licitación do expediente.

Concédeselle a palabra ó voceiro do PP, Sr. Blanco Paradelo, quen di que este é un dos temas que lle molesta ao Sr. Alcalde, que o alcalde ía falar de deixadez, pero buscou outra palabra, pero que el o di, deixadez.

Pregúntase o Sr. concelleiro que para qué serve o debate, pois para nada ao non cumprirse as cousas que se estipulan nos regulamentos, posto que o Sr. Alcalde goberna como quere, con todos os informes desfavorables, que fai o que lle ven en gana e non pasa nada, como no presente caso que, despois de ter o contrato caducado dende fai catro anos, o trae agora con informes desfavorables da Secretaría e da Intervención por non esperar un mes ou quince días, e no relativo as indeterminacións nos criterios dependentes dun xuízo de valor.

Di o concelleiro que en toda a documentación non se fai máis ca unha mención nun parágrafo do informe do secretario acctal. a que o contrato está en precario, que non se indica no expediente cando venceu o contrato e se pregunta por que non se lle respostou ás súas solicitudes de informes.

Pregunta por qué non se fixo antes a contratación, que o retraso é evidente, que se trata dunha empresa que non ingresou o canon ao Concello porque estaba a perder diñeiro, e que aínda así seguiu na prestación do servizo, porque claro, é unha ONG..., e o Concello dixo pois que sega aí.

Continúa dicindo que por qué se permitiu que se incumprira o contrato, e ademais, di, que durante o tempo no que o contrato xa non estaba en vigor, fixéronse modificacións importantes que supuxeron aumento de prazas e máis rúas a regular, que eso lle parece do máis grave, e que incluso quixo variar o prezo pero lle dixeron que eso non se podía tocar e debía facerse un novo regulamento.

Di o Sr. Blanco que non entende que se diga que o regulamento entrará en vigor cando se está prestando o servizo actualmente, e que debería ter unha cláusula na que se dixera que non entrará en vigor ata que non se realice a adxudicación que se vai levar a cabo porque hai aspectos novos.

Di que se aumentan os prezos e non sabe en base a qué estudos se fai, e que hai unha cousa que lle parece desleal politicamente, que non é coherente nin razoable, cal é, que a metade de lexislatura, se presente a contratación dun servizo para cinco anos, que tería que facerse por dous anos prorrogables por outros dous, posto que, senón, parece que se deixa o tema resolto, pois son cinco anos máis outros dous prorrogables e con eso deixa hipotecadas a futuras corporacións.

Di o concelleiro que se trata dun tema grave, no que se tomou o pelo a oposición e aos cidadáns, que aos cidadán esíxelles que cumbran as súas obrigas, namentres que as empresas permíteselles estar sen contrato, gañando diñeiro e sen pagar canon, sen conseguir resposta nin do Alcalde nin dos técnicos.

Remata o Sr. Blanco indicando que este contrato non é exemplo, e que o mesmo sucede noutros contratos como no de servizo de limpeza de dependencias municipais que fai tres anos que está caducado, parecéndolle normal ao Sr. Alcalde, se ben el pensa que non é normal, polo que debería dar explicacións ou pedir desculpas, xa que non está ben ter os servizos sen contrato pois falta seguridade xurídica.

Finalmente o Sr. Blanco indica que o seu Grupo non vai votar a favor neste punto e pídelle ó Sr. Alcalde que rescate a concesión para empezar a facer as cousas ben reiterando que é triste que despois de todo o tempo pasado presente o expediente con informes desfavorables.

Concédeselle a palabra ó Sr. Sierra Nieves, quen di que este tema está máis que debatido, aínda que se o Alcalde non aplicara a política de improvisación e de deixadez, como xa lle ten dito en varios plenos, non se tería que debater esto outra vez, entón, di o concelleiro, que para qué vai a

debater o mesmo que se leva facendo en comisións e en plenos, pois non vale absolutamente de nada porque ó final o equipo de goberno vai facer o que eles queiran, por eso non o vai a debater.

Di o Sr. Alcalde que ao final que veña o informe desfavorable é porque unicamente habería que esperar a un pleno máis, esperar un mes, para que o informe fora favorable, polo que cree que é algo que ten moi pouco valor e importancia. Afirmar que o informe é desfavorable porque non se publicou aínda o regulamento pero, repite, vaise a publicar porque xa está enviado ó BOP.

Sobre todo o demais, di que todo o expediente foi confeccionado polos técnicos como consideraron conveniente, que incluso o xoves, o venres e o luns, os técnicos falando entre eles, cun expediente que levaba catro ou cinco meses feito, decidiron que era conveniente cambiar unha serie de cuestións porque quedaban máis claras, e a resposta da alcaldía foi que o deixaran como eles consideraran oportuno.

Di que os técnicos tamén lle adiantaron que o informe sería desfavorable pola falta de publicación do regulamento, e que considerou que non debía esperarse por ser un expediente que debía saír xa, que eso é o único que hai, pois todo o demais son observacións que son opinables, e que os criterios de adjudicación decidiunos o técnico municipal que fixo o informe económico-financieiro, e di que en calquera caso na Mesa de contratación van a estar os representantes da oposición e alí se verá todo.

Remata o sr Alcalde dicindo que ata agora todas as decisións neste Concello tomáronse por unanimidade, polo que quere dicir que tan malos non son os pregos.

Fai uso da palabra o Sr. Blanco Paradelo quen di que lle parece que estivo na anterior Mesa de contratación e ninguén lle dixo que cando rematara o contrato o adxudicatario ía a estar tres ou catro anos sen contrato, pois se llo din impugnaría a Mesa, e que tampouco ninguén dixo que unha vez finalizara a vixencia do contrato se ían a facer modificacións.

Di o concelleiro que, polo que se ve, non vale para nada estar nunha Mesa de contratación. Reitera as observacións feitas nos informes aos criterios dependentes dun xuízo de valor.

Contesta o Sr. Alcalde indicando que el non vai a participar no informe das ofertas senón que será un técnico quen o faga.

Replica o Sr. Blanco dicindo se tamén son os técnicos os que quixeron que o servizo estivera sen contrato durante catro anos ou se son os técnicos os que decidiron a duración do contrato, de cinco anos máis dous, para concluír que se trata de decisións políticas e non dos técnicos municipais.

Contesta o Sr. Alcalde que non é verdade xa que, sexan os anos que sexan de contrato, sempre se poñen dous anos prorrogables, e que o dos cinco anos de duración do novo contrato foi porque cando o técnico estaba facendo o estudo económico-financieiro comprobou que en catro anos non se podía defender un contrato con esas tarefas.

Di o Sr. Blanco que tamén lle chamou a atención unha cláusula sobre a reversión das instalacións, pois ao ser o contrato anterior por dous anos a empresa optou por alugar as máquinas, pero que pasaron oito anos e ó ser de aluguer nin sequera o Concello pódese quedar coas máquinas, é dicir que é o despropósito total, que isto non vale para nada e demóstrao o Alcalde ao non cumprir os contratos.

Fai uso da palabra o Sr. Sierra Nieves quen di que quere facer unha precisión e é que na Mesa de contratación da que se fala non estaba a oposición senón que estaba o PP.

Di o Sr. Alcalde que eso non sucede na maioría dos Concellos nin nas institucións, onde non está ninguén da oposición, e neste caso hai un concelleiro da oposición que representa á mesma, polo que cree que é un avance.

Di que en relación coas instalacións da empresa, barallouse a opción de quedar cos aparatos e deixalos alí ou incluso dar como opción que puideran usarse aparatos de segunda man, se ben optouse, de acordo aos criterios técnicos, que os aparatos foran novos para que todas as empresas que se presentaran ao concurso o fixeran nas mesmas condicións, porque senón a empresa actual saía con vantaxe ó ter os aparatos instalados, que foi un tema debatido e falado cos técnicos.

Di o Alcalde que ao final a solución foi retirar todas as instalacións, primeiro por estar xa obsoletas as máquinas, pois practicamente xa non están en ningunha cidade, e segundo, para que todas as empresas partiran en igualdade de condicións no concurso, polo que, se se afonda nas cousas, o que parece que de pronto está mal, si que foi obxecto de debate, chegándose a conclusións, e ao mellor equivocámonos, e di “ nos ” porque ao final lle

foi dando o visto e prace as cousas, o que inclúe o dito ao respecto á entrada en vigor do regulamento antes da adxudicación do contrato, e que ao mellor ten razón o voceiro do PP de que debería entrar en vigor despois, pero que quere, ¿ que faga o alcalde os pregos ?, ¿ que poña o alcalde as observacións ?, entón o que sobrarían son os técnicos e el non é tan soberbio como para pensar que é capaz de facer estas cousas, senón que para eso están os técnicos que son os que fixeron o expediente.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de oito votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Alonso Araújo, Fernández Arias e Dacal Feijoo) e oito votos en contra (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García, Rodríguez Vázquez e Sierra Nieves), repetíndose a votación co mesmo resultado de oito votos a favor e oito votos en contra, polo que decide o voto de calidade do alcalde, adoptándose o seguinte acordo:

1º Aprobar o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas tal e como figuran no expediente, o anteproxecto de explotación, prescricións técnicas e demais contido do expediente para a contratación, baixo a modalidade de concesión, da xestión do servizo público de ordenación e regulación de aparcamento de vehículos (O.R.A) e grúa municipal.

2º Acordar apertura do procedemento aberto, oferta máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación (canon variable sobre resultado, estudo económico-financeiro, proxecto de xestión e melloras) do contrato, baixo a modalidade de concesión, da xestión do servizo público de ordenación e regulación de aparcamento de vehículos (O.R.A) e grúa municipal.

3º Designar membros da mesa de contratación a:

Presidente: o alcalde do Concello do Barco de Valdeorras ou persoa que legalmente o substitúa

Vogais:

Un representante do grupo municipal do Partido Popular

Eduardo Ojea Arias, concelleiro do grupo de goberno.

Jorge Rodríguez Fernández (funcionario, arquitecto municipal do Concello do Barco de Valdeorras)

José de Lis Santos-Ascarza (funcionario, técnico de administración xeral do Concello do Barco de Valdeorras).

Arturo Rebollar López (funcionario, xefe da policía local do Concello do Barco de Valdeorras)

O interventor do Concello do Barco de Valdeorras ou persoa que legalmente o substitúa (viceinterventor ou en quen delegue).

O/A secretario/a do Concello do Barco de Valdeorras ou quen legalmente o/a substitúa.

Secretario/a: Jaime Dosouto Dobao (funcionario do Concello do Barco de Valdeorras).

suplente: José María Murciego Murciego (funcionario do Concello do Barco de Valdeorras).

7º Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, proposición da alcaldía relativa a aprobación inicial da ordenanza do Servizo de Axuda no Fogar.

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, o sr. alcalde di que este punto é consecuencia do punto nº 2 da Orde do día, que é un regulamento onde está recollido todo os pormenores para a solicitude e a concesión da axuda no fogar. Da lectura ó sr alcalde a proposición presentada.

Non producíndose debate, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezaseis membros asistentes, o Pleno acorda:

1º Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar.

2º A publicación deste acordo no BOP por prazo de 30 días para a formulación de reclamacións e suxestións polos interesados.

No caso de que non foran presentadas reclamacións ou suxestións durante o referido prazo, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (BOE nº 80, do 3 de abril de 1985), establece no seu artigo 25.2 k) que os concellos exercerán, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, regula o dereito de todas as persoas aos servizos sociais, correspondéndolles, aos poderes públicos, garantir este dereito, posibilitando así que as liberdades e igualdades entre individuos sexan reais e efectivas, tal e como consagra a propia Constitución Española.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no seu capítulo II, o catálogo de servizos sociais, onde define o servizo de axuda no fogar coma un servizo consistente en ofrecerlles un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e permanencia no seu contorno habitual. Esta mesma lei establece no seu artigo 11.f) que é función dos servizos sociais comunitarios básicos a xestión da axuda no fogar.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, así como a normativa estatal e galega que a desenvolve, fíxose necesario establecer un novo marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedementais e organizativos de axuda no fogar de maneira que coa aprobación da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, se estableceron pautas de carácter xeral para asegurar un nivel equitativo de atención a todas as persoas que tiñan limitada a súa autonomía persoal.

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, establece no seu artigo 7. b) como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, *dispoñer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente*, en materia de autorización e inspección de servizos sociais, da Xunta de Galicia, que garanta o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.

Coa aprobación e publicación do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, faise necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar co fin de dar cumprimento ao establecido na disposición derradeira primeira do citado decreto.

En consecuencia e coa finalidade de garantir unha equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención e os criterios de participación

económica das persoas usuarias, o Concello do Barco, de conformidade co marco normativo referenciado que confire aos concellos a potestade regulamentaria, e de autoorganización dentro da esfera das súas competencias, regula os requisitos e condicións da prestación do servizo de axuda no fogar municipal, a través da presente ordenanza.

CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1º.- Obxecto

É obxecto desta ordenanza a regulación do servizo de axuda no fogar desenvolvido polo concello do Barco.

Artigo 2º.- Ámbito de aplicación

O establecido nesta ordenanza é de aplicación ao servizo de axuda no fogar que se desenvolve no concello do Barco.

Artigo 3º.- Natureza, definición e obxectivos do servizo

1. O servizo de axuda no fogar é un servizo público de carácter local, consistente en ofrecer un conxunto de atencións ás persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.
2. O servizo de axuda no fogar poderá prestarse, a calquera persoa ou unidade de convivencia, para as cales, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu medio inmediato.
3. O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestructuración familiar.

Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:

- a) Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- b) Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
- c) Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.

- d) Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
- e) Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
- f) Retardar ou evitar a institucionalización.
- g) Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

Artigo 4º.- Contido do servizo

1. De conformidade coa valoración técnica realizada en cada caso polos servizos sociais, no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

- a. Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:
 - I. Asistencia para levantarse e deitarse.
 - II. Apoio no coidade e hixiene persoal, así como para vestirse.
 - III. Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
 - IV. Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
 - V. Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.
 - VI. Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.
- b. Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:
 - I. Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos.
 - II. Apoio na realización de xestións necesarias e urxentes.
- c. Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:

- I. Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
- II. Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
- III. Preparación dos alimentos.
- IV. Lavado e coidado das prendas de vestir.
- V. Coidados básicos da vivenda.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandaría ou alimentación a domicilio.

- d. Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

2. Con carácter complementario, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros, os seguintes tipos de atención:

- a. Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
- b. Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.
- c. Adaptacións funcionais do fogar.
- d. Servizo de podoloxía.
- e. Servizo de fisioterapia.

3. Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e calidade de vida.

4. En todo caso, as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se falicite e promova a súa autonomía.

5. En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

- a. A realización de actividades domésticas, que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo.
- b. Actuacións, que polo seu carácter sanitaria, deban en todo caso, ser realizadas por persoal facultativo.

Artigo 5º.- Persoas destinatarias

1. O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, así como fogares con menores, en que se observe a necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.

2. En todo caso, darase prioridade de acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

Artigo 6.- Dereitos das persoas usuarias

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

1. A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade, intimidade e autonomía.
2. A accederen e utilizaren o servizo en condicións de igualdade e non discriminación.
3. A recibiren unha atención individualizada e adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración determinadas en cada caso.
4. A recibiren unha información de xeito áxil, suficiente, veraz e comprensible sobre os recursos e as prestacións do sistema galego de servizos sociais, así como a que sexan asistidas e orientadas nos trámites necesarios de cara ao seu acceso aos demais sistemas de benestar social.
5. A teren asignada unha persoa profesional de referencia que actúe como interlocutora principal e que asegure a coherencia da intervención.
6. A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.

7. Ao tratamento confidencial dos seus datos, de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
8. A coñeceren a situación do seu expediente.
9. A seren informadas, de xeito claro e preciso, sobre a intervención prevista e elixir libremente, dentro da capacidade de oferta do sistema e logo da valoración técnica, o tipo de medidas ou de recursos adecuados para o seu caso, así como a participar na toma de decisións que modifiquen o proceso de intervención acordado.
10. Á calidade dos servizos recibidos e a presentaren queixas e suxestións á persoa coordinadora do servizo.
11. Ao respecto dos seus dereitos lingüísticos, garantindo, en todo caso, o desenvolvemento da actividade do servizo dende a práctica dunha oferta positiva do idioma galego.

Artigo 7º.- Deberes das persoas usuarias

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se establecen no artigo 7 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, e, se é o caso, na lexislación vixente sobre o procedemento administrativo común, terán os seguintes deberes:

1. Cumprir as normas, requisitos e procedementos para o acceso aos diferentes servizos.
2. Facilitar a información precisa e veraz sobre as circunstancias determinantes para o acceso e utilización dos servizos, así como comunicar ao persoal de referencia, os cambios de circunstancias familiares, sociais ou financeiras que puideran resultar relevantes na asignación, modificación, suspensión ou extinción das prestacións ou servizos.
3. Cumprir coas condicións do servizo, facilitando e colaborando na execución das tarefas do persoal ao seu cargo e poñendo á súa disposición, cando se trate dun servizo realizado no domicilio, os medios materiais necesarios.
4. Colaborar co persoal encargado do seu caso, acudindo ás entrevistas programadas, seguindo as orientacións e participando no desenvolvemento das actividades incluídas no servizo, centro ou programa en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.

5. Manter unha actitude positiva de colaboración coas persoas profesionais dos servizos sociais comunitarios, participando activamente no proceso pautado de mellora, autonomía persoal e inserción social.
6. Facilitar e cooperar no seguimento, avaliación e inspección do servizo.
7. A persoa usuaria debe permanecer no domicilio mentres se lle presta o servizo.
8. Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que lles presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.
9. A comunicar, con dez días de antelación, en circunstancias ordinarias e previsibles, calquera ausencia temporal que puidese impedir ou dificultar a execución dos servizos que, se fose o caso, se prestasen no seu domicilio.

Artigo 8º.- Causas de extinción e modificación do servizo

1. Son causas de extinción do servizo de axuda no fogar, as seguintes:
 - a. A renuncia da persoa usuaria.
 - b. O cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade e co servizo de axuda no fogar.
 - b. Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.
 - c. Falecemento da persoa usuaria.
 - d. Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.
 - e. A falta reiterada de pagamento do servizo.
 - f. Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.

2. Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe social.

3. Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar, asignado a persoas en situación de dependencia, na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte ao establecido na Orde de 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento do sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, modificado polo Decreto 148/2011, do 7 de xullo, a incoación por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo, deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar resolución de Programa Individual de Atención.

Artigo 9º.- Causas de suspensión temporal do servizo

Son causa de suspensión temporal do servizo, logo de tramitación do correspondente expediente e informe razoado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

1. Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.
2. Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía e a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.

CAPÍTULO II. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

SECCIÓN 1ª. DISPOSICIÓN COMÚNS

Artigo 10º.- Formas de prestación do servizo

O servizo público de axuda no fogar será prestado polo concello do Barco ben directamente, ou ben mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos, regulados na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas.

Artigo 11º.- Requisitos específicos

1. Existirá un profesional de referencia, que no Concello do Barco é unha traballadora social, que actuará como coordinadora do servizo. No caso de que o número de persoas usuarias sexa menor de 50, o persoal técnico mínimo exixible será de 0,02 profesionais en cómputo de xornada completa por persoa usuaria. Nos demais casos aplicarase a seguinte táboa:

Número de persoas usuarias	Persoal técnico mínimo
50 a 99	1 técnico/a titulado/a xornada completa
100 a 199	2 técnicos/as titulados/as a xornada completa
200 a 399	3 técnicos/as titulados/as a xornada completa
Incrementos sucesivos	Por cada grupo de 200 persoas usuarias corresponderá un incremento de 1 técnico/a titulado/a a xornada completa

2. O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que, no caso de prestar o servizo a persoas en situación de dependencia valorada, deberán estar en posesión do título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente, regulado no Real Decreto 496/2003, do 2 de maio, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade.
3. O seguimento da prestación do servizo nos domicilios das persoas usuarias realizarase polo persoal coordinador, sempre que as circunstancias o fagan necesario e, como mínimo, con carácter bimensual. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

4. O Concello O Barco, e de ser o caso, a entidade prestadora en réxime privado do servizo, abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos:
 - a. Un informe social, asinado por un traballador ou traballadora social da entidade titular do servizo.
 - b. Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable, segundo anexo III desta ordenanza.
 - c. Un acordo de servizo asinado entre o Concello de O Barco e a persoa usuaria, segundo o Anexo V desta ordenanza.
 - d. Informes de seguimento periódicos, que terán un carácter bimensual, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes, realizarase de acordo coa Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

SECCIÓN 2ª: DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

Artigo 12º.- Modalidades de acceso ao servizo, organización e procedemento

O acceso ao servizo de axuda no fogar municipal producirase de acordo co seguinte:

1. O acceso será prioritario e directo para as persoas que, tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención, e consonte a aplicación do programa de asignación de recursos, establecido no título II do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos. Para estes efectos, o concello de O Barco, cando sexa o caso, procederá a dar de alta as persoas en agarda, de acordo coa orde de prelación establecida no programa de asignación de recursos. As persoas para as que o programa

individual de atención, determine o servizo de axuda no fogar como recurso principal ou idóneo terán, en todo caso, preferencia sobre aquelas ás que se lles asigne o servizo de axuda no fogar como respiro do cuidador.

2. Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, logo da prescrición técnica do profesional de referencia resolverase en réxime de libre concorrència, segundo o seguinte procedemento:
 - a. Presentación da solicitude, segundo o anexo I desta ordenanza, dirixida ao alcalde no Rexistro Municipal do Concello, acompañada da seguinte documentación:
 - I. Fotocopia do DNI da persoa beneficiaria do servizo e das persoas que convivan no mesmo domicilio, de ser o caso.
 - II. Fotocopia da tarxeta sanitaria da persoa solicitante.
 - III. Certificado de empadroamento e convivencia segundo padrón
 - IV. Informe médico ou clínico sobre o seu estado de saúde, segundo Anexo II desta ordenanza.
 - V. Certificado de discapacidade e/ou certificado do grao e nivel de dependencia, de ser o caso.
 - VI. Xustificantes de ingresos da persoa solicitante e do resto dos membros da unidade de convivencia:
 1. Fotocopia da última declaración da renda, ou no seu defecto, certificado de imputacións do IRPF, expedido pola Axencia Tributaria correspondente.
 2. Certificados de todos os ingresos procedentes de salarios, pensións, subsidios e outros bens que posúan
 3. Xustificante de aluguer de vivenda, de ser o caso.
 4. Calquera outra documentación que sexa requirida polo traballador/a social para a valoración do seu expediente.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes individuais, realizarase de acordo coa normativa vixente, en materia de protección de datos de carácter persoal.

As solicitudes incompletas contarán cun prazo de 10 días para emendar deficiencias, en caso de non facelo, serán arquivadas sen máis trámite tal como se establece na lexislación que regula o procedemento administrativo.

- b. As solicitudes presentadas serán valoradas polo/a traballador/a social dos servizos sociais comunitarios do Concello, que, unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria, determinará, mediante o informe técnico, a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto, tendo en conta todas as circunstancias de necesidade e a aplicación do baremo establecido a tal fin, segundo anexo IV desta ordenanza.
- c. O departamento de Servizos Sociais elaborará un Informe – proposta que será elevado ao órgano competente para ditar resolución. O prazo máximo para resolver será de tres meses. No caso de que sexa favorable, a mesma terá a consideración de alta no servizo. En caso de non existir dispoñibilidade, a solicitude pasará a integrarse na lista de agarda, nunha orde de prioridade determinada pola puntuación que obtivese na aplicación do baremo. No caso de empate da puntuación, atenderase por orde temporal da demanda.
- d. Cando concorran circunstancias que aconsellen a intervención inmediata do servizo, a acaldía resolverá o expediente, á vista do informe-proposta do/a traballador/a social. Este informe conterá as causas que motiven a tramitación pola vía de urxencia. O procedemento de urxencia terá validez mentres se mantéña a situación desencadeante. A desaparición desta, levará consigo a extinción do servizo e a tramitación pola vía ordinaria.
- e. Para o inicio da prestación do servizo será requisito previo asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no anexo V desta ordenanza.
- f. Anualmente, farase unha revisión de todas as persoas beneficiarias do servizo, co fin de comprobar que cumpre as condicións para a continuidade do mesmo. Para a renovación anual do servizo, as persoas beneficiarias deberán presentar a

documentación establecida no apartado a) deste artigo, agás aquela que xa conste no seu expediente individual.

Artigo 13º.- Desenvolvemento da prestación do servizo

1. O prazo de alta no servizo, será como máximo dunha semana, dende que a persoa usuaria se lle asigna o recurso dende o Programa de Asignación de Recursos para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de dependencia, ou dende que se dita resolución por parte da Alcaldía, para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de libre concorrencia. Para as persoas usuarias ás que se lles concede o servizo, pola vía de urxencia, o prazo de alta será como máximo de dous días.
2. Previo ao inicio do servizo, o persoal técnico realizará unha avaliación da situación e establecerá un consenso coa persoa usuaria, sobre as actuacións e tarefas a desenvolver no domicilio. Designarase tamén a persoa profesional de referencia.
3. A asignación do persoal de atención directa farase en base ao perfil requirido para cada caso concreto, e realizarase unha visita domiciliar para a presentación do persoal de atención directa á persoa usuaria.

Se a persoa beneficiaria, rexeita ao/á auxiliar de axuda no fogar que se lle asigna, sen razón suficientemente xustificada, pasará á lista de agarda ata que se lle asigne outro/a auxiliar, sempre que sexa tecnicamente posible.

Os cambios no persoal técnico asignado, así como nos horarios de prestación do servizo, que deban efectuarse, por circunstancias de necesidades de organización do servizo, comunicaranse á persoa beneficiaria, seguindo en vigor o acordo asinado.

4. Para o inicio da prestación do servizo, será requisito previo, asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no anexo V desta ordenanza.
5. O persoal técnico elaborará un proxecto de intervención, segundo anexo III desta ordenanza, que deberá conter: días da semana de atención,

horario concreto no que se desenvolverá a prestación, identidade do persoal de atención directa responsable da execución do proxecto, obxectivos e tarefas a desempeñar no domicilio, e o seguimento efectivo da prestación no domicilio do usuario, con carácter mínimo bimensual.

6. Farase entrega á persoa usuaria, dunha copia da ordenanza municipal de axuda no fogar, debidamente visada polo órgano competente.
7. Así mesmo, entregarase á persoa usuaria e ao persoal de atención directa, o documento que conteña as tarefas a desenvolver no domicilio.
8. Informarase ás persoas usuarias da existencia dun libro de reclamacións, que estará á súa disposición, para calquera queixa ou reclamación. No caso de queixa ou reclamación, facilitarase unha copia da queixa á persoa usuaria e remitirase o orixinal ao servizo de inspección no prazo de tres días, xunto cun informe do caso, segundo establece o artigo 6.i) do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.
9. O departamento de servizos sociais do Concello abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos:
 - Un informe de avaliación inicial, asinado polo técnico competente, responsable da coordinación do servizo de axuda no fogar.
 - Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable.
 - Un acordo de servizo asinado entre o concello de O Barco e a persoa usuaria, segundo o anexo V desta ordenanza.
 - Informes de seguimento da prestación nos domicilios das persoas usuarias, que terán, como mínimo, un carácter bimensual, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.

Artigo 14º.- Intensidade na prestación do servizo

1. A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico.
2. A intensidade do servizo de axuda no fogar, para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme co proxecto de intervención, de xeito que, cando menos, se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, relacionadas no artigo 4.1º a) da Orde de 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, todos os días da semana.
3. Nos restantes casos, a intensidade do servizo, virá determinada na prescrición efectuada polo departamento de servizos sociais do concello.

Artigo 15º.- Determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias da dependencia.

1. A capacidade económica das persoas dependentes, valoradas con dereito recoñecido de atención, mediante o servizo de axuda no fogar, calcularase en atención á súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, a renda e patrimonio do cónxuxe e a existencia de persoas convivintes, economicamente dependentes. Para o cálculo da citada capacidade económica, observaranse as normas de aplicación á materia, vixentes en cada momento, polo órgano competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia .

2 O resultado do cálculo da capacidade económica, correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar, constará na resolución do plan individualizado de atención que se desenvolva en cada caso, de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

Artigo 16º.- Determinación da capacidade económica das persoas usuarias doutros servizos que impliquen copagamento

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no artigo anterior, o cómputo da capacidade económica farase de acordo cos seguintes criterios:

1. Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.
2. Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.
3. A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

Artigo 17º.- Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar

- 1.- No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas a efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.
- 2.- Nos demais supostos, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

	GRAO I		GRAO II		GRAO III	
	Nível I	Nível II	Nível I	Nível II	Nível I	Nível II
Capacidade económica (referida IPREM) ó	20 h.	30 h.	40 h.	55 h.	70 h.	90 h.
≤ ó 100% do IPREM	0%	0%	0%	0%	0%	0%
>do 100% e ≤ do 115% do IPREM	4,52%	6,56%	8,59%	11,42%	14,47%	18,09%
>do 115% e ≤ do 125% do IPREM	5,41%	7,84%	10,28%	13,66%	17,31%	21,64%
>do 125% e ≤ do 150% do IPREM	5,55%	8,05%	10,54%	14,01%	17,76%	22,19%
>do 150% e ≤ do 175% do IPREM	5,65%	8,19%	10,73%	14,26%	18,07%	22,59%
>do 175% e ≤ do 200% do IPREM	5,72%	8,30%	10,87€	14,45%	18,31%	22,89%
>do 200% e ≤ do 215% do IPREM	5,81%	8,42%	11,03%	14,66%	18,58%	23,23%
>do 215% e ≤ do 250% do IPREM	6,03%	8,75%	11,46%	15,24%	19,31%	24,14%
>do 250% e ≤ do 300% do IPREM	6,24%	9,05%	11,86%	15,76%	19,97%	24,97%
>do 300% e ≤ do 350% do IPREM	6,42%	9,30%	12,19%	16,20%	20,53%	25,66%
>do 350% e ≤ do 400% do IPREM	6,54%	9,48%	12,42%	16,51%	20,93%	26,16%
>do 400% e ≤ do 450% do IPREM	6,63%	9,62%	12,60%	16,75%	21,22%	26,53%

>do 450% e ≤ do 500% do IPREM	6,70%	9,72%	12,74%	16,93%	21,45%	26,82%
Superior ó 500% do IPREM	6,76%	9,80%	12,84%	17,07%	21,63%	27,04%

3.- Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao e nivel correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

4.- En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento, poderá exceder o 65% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

Artigo 18.- Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento

1. Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrencia, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ó cálculo da capacidade económica per-cápita, de acordo co establecido no artigo 16 desta ordenanza.

CAPACIDADE ECONÓMICA	Participación no custe do servizo de SAF básico
Menor de 0,80 IPREM	0%
Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,50 IPREM	10%
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2,00 IPREM	20%
Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,50 IPREM	50%
Maior de 2,50 IPREM	80%

2. Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da

aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestructuración familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

3. En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

Artigo 19º.- Afectación dos ingresos municipais polo copagamento dos servizos

De conformidade co artigo 56.7 de Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, en todo caso, os ingresos que recade o concello de O Barco, en concepto de achega das persoas usuarias para a súa participación no custo dos servizos sociais comunitarios, estarán afectados ao financiamento dos servizos sociais que reciban.

Artigo 20º.- Da coordinación coas entidades privadas que atendan a persoas usuarias financiados total ou parcialmente con fondos públicos

No caso das entidades privadas que presten o servizo de axuda no fogar, mediante financiamento total ou parcial con fondos públicos, ou que atendan a persoas usuarias derivadas do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, manterán unha coordinación efectiva cos servizos sociais comunitarios básicos, establecendo un protocolo de comunicación de altas no servizo de cada persoa usuaria, así como unha copia do correspondente proxecto de intervención e dos informes de seguimento, dirixidos aos servizos sociais comunitarios básicos do Concello ou entidade local.

Artigo 21º.- Obrigados ao pagamento

Están obrigados ao pagamento do prezo público, ou no seu caso taxa, regulado nesta ordenanza, as persoas usuarias beneficiarias do servizo prestado por este Concello ás que se refire o artigo 5.

Artigo 22º. -Nacemento da obriga de pago

A obriga de pagar os prezos públicos, ou no seu caso taxas, regulados neste acordo regulador, nace, en xeral, dende que se inicie a prestación do servizo e deberá facerse efectivo de acordo coas seguintes normas de xestión:

1. Os prezos públicos, ou no seu caso taxas, contemplados nesta ordenanza satisfaranse con carácter posterior á prestación do servizo con carácter específico, durante a primeira quincena do mes seguinte.

2. Por parte do concello e, sobre a base do parte de traballo asinado, conxuntamente pola persoa usuaria e polo persoal de atención directa, elaborárase un recibo individual có importe correspondente ao servizo prestado no mes anterior, que se remitirá á entidade bancaria elixida pola persoa beneficiaria, para que se efectúe o pagamento.

Artigo 23º. - Infraccións e sancións.

As infraccións e sancións rexeranse, no relativo aos pagos, pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e polo Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, e no resto das materias, polo disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.

Esta ordenanza derroga expresamente a ordenanza reguladora do servizo de axuda a domicilio publicada no BOP nº 261 de 13 de novembro de 2009, e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria á mesma.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

Esta ordenanza entrará en vigor unha vez transcorrido segundo o previsto no artigo 70 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local, unha vez transcorrido o prazo previsto no seu artigo 65.2.

ANEXO I

SOLICITUDE DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR

1. DATOS DO BENEFICIARIO

APELIDOS E NOME _____
D.N.I. NUMERO _____ DATA DE NACEMENTO _____
TFNO _____ ENDEREZO _____
ESTADO CIVIL _____ N° ASISTENCIA SANITARIA _____

2. DATOS DOUTRAS PERSOAS DE CONTACTO

	Nome e Apelidos	Parentesco	Data de nacemento	Teléfono
1				
2				

SOLICITO:

A valoración da miña solicitude para ser incluído no Servizo de axuda no fogar.

DECLARO:

Que toda a información que figura nesta solicitude e nos documentos que se axuntan é verdadeira, non existindo omisión de datos.

O Barco, de de 200

Asina

Ao Alcalde do Concello de O Barco de Valdeorras.

(De acordo co previsto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, “Lei de protección de datos de carácter persoal” infórmolle que os datos incluídos nesta solicitude, serán rexistrados en ficheiros automatizados responsabilidade do Concello de O Barco de Valdeorras para a xestión de usuarios con acceso aos ficheiros con datos de carácter persoal. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación de datos e oposición poderán realizarse nos termos previstos na ~~ca~~da lei.)

ANEXO II
INFORME MÉDICO PARA SOLICITUDE DA PRESTACIÓN DE
AXUDA NO FOGAR.

Recoñecemento efectuado polo/a Doutor/a _____
 Colexiado/a nº _____ médico/ a de _____
 Localidade _____

A/O solicitante da prestación de axuda no fogar:

D/Dª (nome e apelidos) _____ con data de
 nacemento _____ e DNI nº _____.

INFORMA: (MARCAR CON X)

Padece enfermidade infecto-contaxiosa en fase activa: Si Non

Padece Limitacións físicas:	Non existen	Leves	Moderadas	G
Visuais				
Auditivas				
Cardio-respiratorias				
Manexo de :EESS <input type="checkbox"/> EEII <input type="checkbox"/>				
Incontinencia: urinaria <input type="checkbox"/> fecal <input type="checkbox"/>				
Outros				

Presenta deficiencias ou limitacións psíquicas:	Non existen	Leve	Moderada	G
Desorientación tempo-espacial				
Alteracións da percepción				
Descontrol emocional				
Transtorno da memoria				
Transtornos de conducta				
Outros				

Autonomía: Precisa axuda para realizar as actividades de vida diaria (alimentación, vesti
 aseio, baño, utilización w.c., deita-se-erguerse, tomar a medicación, ...):

Si Non

Diagnóstico e tratamento _____

Observacións:

O Barco, a ____ de _____ de 2.0_

Selo e signatura:

ANEXO III

SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Proxecto de intervención:

1.-Datos identificación do expediente

Expediente 1	Intervención nº 2	Data de solicitude	Data de inicio

Sector de referencia 3	Ámbito de atención 3	Nº total usuarios

Nome e apelidos	Data Nacemento	DNI	Sexo	Estado Civil

Proxecto	Data do proxecto	Data fin de proxecto

2.- Antecedentes relevantes:

3.- Atención que se prestará:

4.- Días da semana

L	M	X	J	V	S	D	Nº de horas semanais	Horario

5.- Tipo de servizo que se prestará:

6.- Perfil dos/as profesionais:

7.- Outros servizos:

8.- Existencia doutros servizos/apoios prestados a domicilio:

- Existencia
- Servizos/ apoios:
- Nº de horas semanais:

9.- Obxectivos específicos e tarefas que se propoñen:

- Obxectivos do servizo proposto:
- Tarefas que se realizan

10.- Periodicidade do seguinte (mínimo bimensual).

11.- Técnico responsable

53

Asdo:

ANEXO IV

BAREMO PARA DETERMINAR A ASIGNACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR EN RÉXIMEN LIBRE CONCURRENCIA.

Factor 1: autonomía persoal (máximo 42 puntos)

As persoas dependentes valoradas que teñan dereito á prestación pola vía de acceso directo do sistema de dependencia (PIA con posible asignación do servizo de axuda no fogar), non poderán acceder polo sistema de libre concurrencia.

O baremo para persoas con Grado de discapacidade e que non están valoradas como dependentes é:

Grado de discapacidade	Puntuación
Do 0% a 33%	0 ptos.
De 33% a 64%	5 ptos.
De 65% a 74%	10 ptos.
De 75% a 80 %	14 ptos.
De 81% a 87 %	24 ptos.
De 88% a 93%	32 ptos.
De 94% a 100%	40 ptos.

O baremo para as persoas non valoradas como dependentes e que nos posean o grado de discapacidade valoraranse, neste apartado, polo informe médico esixido. Anexo II, da seguinte forma:

Padece Limitacións físicas	Leves (1 ptos.)	Moderadas (2 ptos.)	Graves (3 ptos.)
Visuais			
Auditivas			
Cardio-respiratorias			
Manexo de extremidades superiores			
Manexo de extremidades inferiores			
Incontinencia : urinaria <input type="checkbox"/> fecal <input type="checkbox"/>			
Outros:			
Total			

Presenta deficiencias ou limitacións psíquicas	Leves (2 ptos)	Moderadas (3 ptos)	Grave (3,5 ptos)
Desorientación tempo-espacial			
Alteracións da percepción			
Descontrol emocional			
Transtorno da memoria			
Transtorno da conducta			
Outros:			
Total			

Total puntos autonomía persoal	
--------------------------------	--

Factor 2: apoio social (máximo 20 puntos)

A persoa vive soa e carece de familiares e/ou redes distintas de apoio (20 ptos)	
A persoa vive soa, carece de familiares e solo ten apoio de entorno veciñal ou outras redes (18 ptos)	
A persoa convive con persoas sen capacidade para atendelo (ata 12 puntos): - Con unha persoa maior de 70 anos (3 puntos) - Con unha persoa con discapacidade ou dependencia (3 puntos) - Con unha persoa que carece de tempo (3 puntos) - Con incapacidade para organizarse (3 puntos)	
Os familiares néganse atendelo aunque teñan posibilidades (8 puntos)	
Vive só pero ten familiares con posibilidades de atendelo no mesmo concello ou a menos de 20 Kms. (5 puntos)	
Está ben atendido (0 puntos)	
Total puntos apoio social	

Factor 3: situación familiar/socialización menores (máximo 20 puntos)**3.1. Conflito (máximo 4 puntos)**

Con un membro xerador de conflito de nivel moderado (1 punto)	
Con un membro xerador de conflito de nivel grave (2 puntos)	
Con máis de un membro xerador de conflito de nivel moderado (3 puntos)	
Con máis de un membro xerador de conflito de nivel grave (4 puntos)	

3.2. Limitacións de rol (máximo 2 puntos)

Familia nas que ámbolos dous proxenitores ou titores teñan importantes limitacións físicas ou psíquicas para prestarlle unha adecuada atención ós menores (2 puntos)	
---	--

3.3. Monoparentalidade (máximo 2 puntos)

Monoparentais que por distintas causas (saúde, traballo, idade avanzada,...) non pode atender ós menores (2 puntos)	
---	--

3.4. Habilidades parentais (máximo 2 puntos)

Familias con poucas habilidades parentais (carencia de hábitos alimenticios, aseo persoal, administracións do presuposto, ausencia de roles, organización ,...	
(2 puntos)	

3.5. Número de menores (máximo 10 puntos)

Un menor (3 puntos)	
Dous menores (5 puntos)	
Tres menores (7 puntos)	
Catro ou máis menores (10 puntos)	
Total puntos situación familiar/socialización menores	

Factor 4: Outros aspectos sociais (máximo 20 puntos)

4.1. Vivenda (total 20 puntos)

Non ten luz eléctrica (1 punto)	
Non ten auga corrente (1 punto)	
Non ten WC (1 punto)	
Non ten cuarto de baño (1 punto)	
Non ten neveira (1 punto)	
Non ten calentador (1 punto)	
Non ten lavadora (1 punto)	
Non reúne condicións mínimas de hixiene/habitabilidade (1 punto)	
Existen barreiras arquitectónicas no interior da vivenda (1 punto)	
Existen barreiras arquitectónicas no exterior da vivenda (1 punto)	

4.2. Integración no entorno (total 10 puntos)

Situación de illamento ou rexeitamento (10 puntos)	
Ausencia de relacións sociais (6 puntos)	
Existen escasas relacións cas persoas do seu entorno (4 puntos)	
Integración adecuada no entorno (0 puntos)	
Total puntos outros aspectos sociais	
Total xeral	

ANEXO V
Servizo de axuda no fogar
Acordo de servizo

Reunidos en o día dunha parte
don/dona con DNI:
E doutra, en calidade de técnico responsable do servizo de axuda
no fogar de.....

ACORDAN

1. Que o Concello de O Barco prestará o servizo de axuda no fogar (SAF), á persoa arriba
citada, desde o día ___ de _____ do 20_

2. Que a prestación do servizo de axuda no fogar para os usuarios de dependencia
realizarse con carácter indefinido. No caso de que o usuario acceda ao mesmo polo procedemento
de libre concurrencia realizarase por un prazo de, con posibilidades de
prórroga/as segundo valoración técnica do Departamento de Servizos Sociais.

3. Que o SAF se levará a cabo por un total de -----horas mes, distribuídas
semanalmente nos seguintes días

4. Que atendendo á Orde do 22 de xaneiro do 2009, que regula o servizo de axuda no fogar, ó
Decreto 99/2012, de 16 de marzo e á Ordenanza fiscal municipal que regula as taxas do SAF, a
persoa usuaria conta cunha capacidade económica de -----euros/mes, polo que lle
corresponde aboar unha porcentaxe de -----sobre o prezo da hora. En base ao
anterior e tendo en conta a intensidade do servizo comprométese a achegar€ polo
total de horas prestadas.

4. Para as persoas usuarias do servizo de axuda no fogar de prestación
básica, o SAF levarase a cabo por un total de.....horas mensuais, distribuídas nos seguintes días
da semana.....

Atendendo a Ordenanza fiscal municipal que regula as taxas do SAF de prestación básica,
a persoa usuaria conta cunha capacidade económica de.....euros/mes, polo que lle corresponde
unha porcentaxe de, sobre o prezo da hora. En base ao anterior e tendo en conta a
intensidade do servizo comprométese a achegar.....€ polo total de horas prestadas.

5. Que a persoa usuaria acepta domiciliar o aboamento da taxa do SAF na entidade
bancaria da súa elección, no número de conta autorizada para tal efecto.

6. Que, de acordo co proxecto de intervención establecido para o caso, as actividades que se
fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF son as seguintes:

- Atencións de carácter persoal
- Atencións de carácter de apoio psicosocial
- Atencións de carácter doméstico
- Atencións de carácter socioeducativo
- Atencións de carácter técnico e complementario

7. O concello do Barco pon a disposición dos usuarios do SAF un libro de follas de queixas e
reclamacións, que estará dispoñible nas dependencias do propio concello.

8. Que as modificacións que puidese haber nas condicións inicialmente estipuladas neste acordo
deberán ser recollidos nun documento novo asinado pola persoa usuaria e a persoa responsable do SAF,
sendo anexadas ao acordo orixinal.

9. Que o servizo se prestará atendendo ás condicións reguladas na Orde do 22 de xaneiro do
2009, que regula o servizo de axuda no fogar, e na ordenanza municipal sobre o SAF, onde están
recollidos os dereitos e obrigas da persoa usuaria, baixas temporais e causas de extinción.

Ambas as partes dan a súa conformidade a este acordo de prestación do SAF e asínoa
..... de..... de 20...

8º Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, moción do Grupo Municipal do P.P. relativa a creación dunha “Comisión de investigación para aclarar lo sucedido en relación al cierre de la piscina climatizada”.

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, procédese a debater a moción do Grupo Municipal do P.P que, copiada literalmente di:

“ CREACIÓN DE UNA COMISIÓN DE INVESTIGACIÓN PARA ACLARAR LO SUCEDIDO EN RELACIÓN AL CIERRE DE LA PISCINA CLIMATIZADA.

Desde el Grupo Municipal del Partido Popular llevamos varias semanas intentando que algún miembro del Grupo de Gobierno de este Concello nos aclare lo sucedido en los meses previos al cierre de la piscina climatizada de O Barco.

Ante la gran cantidad de informes técnicos, las contradicciones, la gravedad de las deficiencias detectadas y la ausencia de respuestas políticas queremos saber la verdad sobre todas las decisiones que rodearon el cese de la actividad y la clausura de las instalaciones por parte de la empresa el pasado 28 de febrero.

Por eso, proponemos que, al amparo del artículo 124.3 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, se acuerde la constitución de una Comisión de Investigación.

Una Comisión de Investigación en la que queremos que comparezcan responsables políticos, personal de mantenimiento de la piscina, usuarios, técnicos y representantes de la empresa concesionaria, así como todas aquellas personas que los grupos políticos consideren de interés.

Por todo lo anteriormente expuesto, el Grupo Municipal del Partido Popular propone al Pleno de la Corporación la adopción del siguiente acuerdo:

Primero.- El Concello de O Barco aprueba la creación de una Comisión de Investigación para aclarar todo lo sucedido en relación al cierre de la piscina municipal el pasado 28 de febrero.

Segundo.- Para la constitución de la comisión se tendrá en cuenta el artículo 124.3 y 125 del ROF, manteniendo la misma proporcionalidad y representación que en el resto de comisiones informativas.

Tercero.- La comisión elaborará, a propuesta de los grupos políticos, un calendario y un listado de comparecientes.”

Concédeselle a palabra ó voceiro do PP, Sr. Blanco Paradelo, quen di que estase ante outro tema moi debatido pero no que, cando non se dan as

explicacións oportunas, hai que insistir, e que esa é a intención do seu Grupo, saber a verdade do que sucedeu.

Di que a prensa publicou o peche de piscina climatizada ao detectarse a existencia dun problema no sector eléctrico, o que suporía un risco para os usuarios das instalacións e ó día seguinte, el, como portavoz do PP, recibiu un escrito da alcaldía onde se lle daba conta do sucedido, o que lle agradecía publicamente ó sr alcalde.

Di o concelleiro que a partir dese momento apareceron uns informes preocupantes, e a moción que se presenta, é para saber o que sucedeu ata o peche da piscina, e que lle quere recordar ó Sr. Alcalde que ten o seu apoio para ir ó xulgado e que se depuren todas as responsabilidades, que non haxa dúbidas, pero que unha cousa é o que poda saír dos xulgados e outra cousa son as decisións políticas, pois con informes técnicos o equipo de goberno ten que tomar decisións políticas.

Di que hai un informe do 18 de xaneiro da empresa AQUAGEST no que se informa de varias deficiencias detectadas nas instalacións eléctricas da piscina do Barco e que ao seu Grupo parécelle un informe moi grave, dando lectura ao mesmo.

Indica que no informe se expoñen varias deficiencias eléctricas que, segundo a súa opinión, non son algo que se arranxe de modo doado mantendo a propia actividade, engadindo que, no propio informe, se sinala que poderían afectar á seguridade das persoas, circunstancia que a el lle parece escalofriante.

Di o sr Blanco que, dende o Concello, contéstase, con data 21 de xaneiro, ao informe de AQUAGEST, aínda que segundo os selos de saída, se tarda sete días en trasladarllo, retraso que el non entende. Indica que nese escrito de contestación o técnico municipal refírese ás posibles causas que poden orixinar eses problemas e faulle unha serie de recomendacións á empresa.

Di o concelleiro que, con todo o que se contén nos informes, mantense a piscina aberta e as actividades como se non pasara nada, polo que, non se explica, como a pesar da gravidade de todo o reflectido nos informes, só se adoptan medidas cautelares e non se suspende a actividade. Engade o concelleiro que, por riba, neses días, organízanse os cursos de natación cos colexios, o que el non se explica á vista dos informes polo que lle parece unha irresponsabilidade política.

Continúa o concelleiro indicando que, o 28 de febreiro, a empresa AQUAGEST remite un novo informe aínda máis grave, procedendo á lectura do mesmo, e ante eso a empresa concesionaria, non o Alcalde, decide pechar a piscina o 28 de febreiro e dar traslado ao Concello, que así o fai o día 1 de marzo.

Di o Sr .Blanco que na Comisión de Obras deuse moita información técnica, de posibles solucións, de informes encargados a outras empresas, pero non se contestou ao que estase a preguntar, nin tampouco na Comisión de Deportes se deu contestación, polo que ao final non se da explicación de por qué o Concello non tomou, ante eses informes, a decisión política de pechar a piscina e consecuentemente o cese da actividade.

Di o concelleiro que faltan máis datos por saber, así indica que no informe do técnico municipal de xaneiro faise referencia a transmisións de corrente ao persoal de mantemento, sen embargo AQUAGEST omite este dato no seu informe, preguntándolle ó Sr. Alcalde que como sabe ese dato e qué máis cousas pasaron que non contaron, que qué están ocultando.

Di o concelleiro que faltan cousas por saber, cantas transmisións de correntes se produciron, a quen, de que intensidade, en que lugares da instalación...que esto e o que hai que saber porque é moi grave, reiterando que debeu pecharse a piscina, a pesar de que outros informes dos técnicos do Concello se fale de evitar o peche por ser un servizo público, xa que do que se trata non é de evitar o peche senón de garantir a seguridade das persoas, seguridade que non estivo garantida tal e como acreditan as descargas ao persoal de mantemento.

Remata o Sr. Blanco indicando que ninguén critica o que pasou dende o día 1 en canto á solución do problema e ninguén está a poñer ningún tipo de traba para que isto vaia ó vulgado e se depuren responsabilidades, pero que o seu Grupo o que quere saber é o que sucedeu ata o día do peche e por qué o equipo de Goberno, con todos estes informes, non tomou a decisión política, para evitar calquera tipo de risco, de pechar a piscina.

En definitiva, finaliza, que o seu Grupo quere saber a verdade para evitar que ocorra outro feito similar, celebrando que non tivera consecuencias máis tráxicas.

Concédeselle a palabra ó sr Sierra Nieves, quen di que a estratexia do Grupo municipal do PP empeza a ser clara, meten a cabeza por un buraco onde cre que hai bastante pouco que rascar, tratando de adiantarse co que lle vai caer á Xunta, por eso tratan de botarlle porcallada ó Concello, aínda que

está de acordo co Sr. Blanco en que hai que buscar responsabilidades, pero pensa que a Comisión de investigación que propón non vai valer para nada, pois non se convocan as outras comisións, non cumprindo o equipo de goberno ca periodicidade dalgunhas das comisións. Pregúntalle o sr. Sierra ao voceiro do PP si cre que hai que crear aínda outra máis.

Di o concelleiro que reitera que hai que buscar responsabilidades, caía quen caía, sexa a Consellería, técnicos, arquitectos técnicos, arquitectos e constructoras, pero que hai que ir a por todas, pois el lembra que no programa do PSOE ía a construción da piscina climatizada, que por certo era un proxecto do BNG e da Consellería do BNG, aínda que non quita que si a responsabilidade a tiña aquela xente el vai a apoiar o que diga a xustiza, pero que así como o Grupo Socialista aproveitouse para poñelo no programa tamén tería que darlle a información suficiente aos usuarios e usuarias e indemnizalos como aos traballadores da piscina, xa que non tiveron un trato moi bo mentres a piscina estaba pechada.

Dille ao Sr. Alcalde que busque responsabilidades e que non espere máis. Remata o Sr. Sierra dicindo que o seu voto vai a ser absterse, pois aínda que coincide co voceiro do PP non cre que a creación doutra Comisión vaia a resolver algo, habendo comisións suficientes se as convocasen como as teñen que convocar.

Di o sr Alcalde que en relación ás comisións de obras, había un acordo tácito de que se non había informes non tiña porque haber comisión, que eso era algo que tacitamente estaba aceptado, non é agora, e é verdade que agora non hai obras porque se levan ao día e a proba está en que hai comisións nas que non van máis alá de oito ou dez obras menores, polo que non ten sentido ter comisións polo mero feito de que a comisión de obras sexa semanal aínda que non haxa obras.

Di que o PP quere seguir a toda costa falando da piscina climatizada cando xa neste Concello a case ninguén lle interesa o tema porque espera que estea resolto e pensa que se actuou con celeridade.

Di o Sr. Alcalde que a responsabilidade da seguridade na piscina é da empresa, e que así se dixo polo técnico municipal, e cando a empresa di que hai perigo e hai que pechar, o Concello non pon ningunha traba e pecha, como non pode ser doutro xeito.

Di que explicacións xa se deron todas nas comisións que houbo e que as comisións de investigacións nin sequera están reguladas no ROF, pois están especificamente reguladas para as Cortes Xerais e para os parlamentos autonómicos, que nin sequera se contemplan especificamente e terían o carácter dunha mera comisión informativa, polo tanto as propostas que saíran non terían ningunha obrigación máis aló dunha comisión informativa.

Di o Sr. Alcalde que o seu Grupo non vai a votar a favor da Moción, pois cre que é seguir dándolle voltas a algo no que o Concello fixo o que entendeu que había que facer, e todo o demais, xa se dixo nas comisións informativas nas que se tratou o tema.

Fai uso da palabra o Sr. Blanco Paradelo, quen di que o seu Grupo vai seguir tratando de buscar a verdade, pois as cousas das que falou e puxo sobre a mesa están baseadas en informes técnicos e da empresa.

Di que lamenta que o Sr. Sierra lle botara ese capote ó equipo de goberno e que el saberá por qué.

Di o concelleiro que a el como a moita xente lle preocupa cántas foron as descargas eléctricas que se produciron na piscina, aínda que ao Alcalde non lle preocupe, que quere saber qué se está a omitir, qué pasou alí, a ónde chegou a situación cando a empresa tomou a decisión de pechar a instalación, e que seguirá insistindo, posto que hai moitas cousas que non se saben e contradicións.

Di que quedan preguntas no aire coma se se houbera optado polo peche da piscina o día 18 de xaneiro, ¿houbese chegado ó deterioro ó que chegou a piscina nese mes e medio?, ¿qué foi o que tanto se deteriorou, o que tanto fallou, para que tome a empresa esa decisión de pechar ?.

Di o concelleiro que é intolerable que unha instalación que custou o diñeiro que custou, e que é nova, teña os problemas que ten e polo tanto ten que haber responsabilidades técnicas, administrativas e políticas.

Remata o Sr. Blanco dicindo que desde o punto de vista político parece unha enorme irresponsabilidade dos concelleiros de Deportes e de Educación que ante os informe técnicos seguiran programando actividades.

Concédeselle a palabra ao concelleiro delegado de Deportes, Sr. Fernández Arias, quen di que quere aclararlle ao voceiro do PP que segundo o informe

técnico, o 23 de xaneiro se cambiaron todos os diferenciais que afectaban ao servizo público da piscina, polo que despois do 18 de xaneiro si se tomaron medidas.

Di o concelleiro de Deportes que o único que procura é que se cumpran os informes que recibe, que el tense que fiar polos informes que lle manda o técnico municipal, e o técnico di no informe que substituíndo os dous diferenciais indicados e anulando os outros 28 non hai perigo na piscina, e que tamén se ten que fiar do concesionario que é o responsable do mantemento da empresa.

Di o Sr. Fernández que el non podía ordenar o peche da piscina cando o técnico municipal, que é quen sabe dese tema, non di que se peche, que el non pode tomar esa determinación e que pensa que o Alcalde tampouco está capacitado para elo, pero no momento que hai un informe do enxeñeiro da concesionaria que di que hai perigo para os usuarios péchase, porque o equipo de goberno non ten ningún interese en manter a piscina aberta.

Fai uso da palabra o Sr. Sierra Nieves quen lle di ao sr Blanco Paradelo que sentiu vergoña allea cando oíu na radio unha estrepitosa entrevista na que o voceiro do PP dicía que viñeran todos os valdeorreses (as valdeorresas non, claro) ao Parlamento, cando non fai moito aos deputados do BNG non os deixaron pasar.

Di o concelleiro que pensa que expuxo perfectamente o seu voto de abstención neste punto, que de todas formas non é a el o que ten que convencer, e que cre que por primeira vez na historia deste Concello é o primeiro concelleiro que non é sospeitoso de estar cerca do PSOE.

Di o Sr. Sierra que apoiaría a Moción pero que lle parece unha estupidez soberana crear outra comisión onde non se vai a solucionar nada, que todos os obxectivos nesa Comisión non se van a resolver.

Di que o grupo do PP pode pedir a convocatoria de comisións de obras extraordinarias e que o BNG os apoiará, pero que non pidan outra nova comisión.

Fai uso da palabra o sr Alonso Araujo, concelleiro de Educación, quen di que, por alusións, quere contestarlle ao sr Blanco.

Di que o voceiro do PP debería de lerse a lexislación de riscos laborais e sabería que hai unha empresa concesionaria e o empresario non é directamente o Concello.

Di o sr Blanco que o di o contrato da piscina.

Di o sr Araujo que hai unha empresa que ten a responsabilidade de ter organizada a súa prevención de riscos laborais, que non é o concello o que ten que comprobar.

Di o concelleiro que como usuario, que vai tres ou catro veces á semana á piscina, que hai moitas bromas coa posibilidade de que nos queimemos alí, e sempre é cando saen na prensa noticias sobre a piscina climatizada.

Fai uso da palabra o Sr. Blanco Paradelo quen lle di ó sr Sierra que non sexa faltón, pois fixo unha alusión que lle molesta persoalmente, cando dixo que lle chamara a atención o chamamento que fixo aos valdeorreses, e que o que pasou foi que nunha entrevista aos alumnos e ás alumnas do colexio de Rubiá que fan a recoller un premio, a locutora fixo alusión a que os alumnos e alumnas estaban moi ilusionados coa visita a Santiago a coñecer o Parlamento galego e que lle preguntou a el como os fan a recibir e que o sr Blanco contestoulle que cos brazos abertos, a eles, e a calquera que fora ao Parlamento, polo que non se poden sacar as cousas de contexto.

Di o Sr. Alcalde que espera que a partir de agora, cando haxa unha petición de comisións de investigación no Parlamento o voceiro do PP vote a favor sempre.

Rematado o debate, procédese á votación da moción presentada co resultado de que en votación ordinaria, co resultado de que, por oito votos en contra (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Alonso Araújo, Fernández Arias e Dacal Feijoo), sete votos a favor (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez) e unha abstención (do concelleiro Sierra Nieves) o Pleno do Concello non aproba a moción presentada.

FASE DE CONTROL AOS ÓRGANOS DE GOBERNO

1º Mocións urxentes

Di o Sr. Alcalde que hai cinco asuntos incluídos neste punto e que son: o convenio do GES; dúas solicitudes de bonificación de ICIO e dúas mocións presentadas polo BNG.

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, di o sr Alcalde que é preceptivo que o convenio que firmou a FEGAMP, a Consellería de Presidencia e as Deputacións provinciais sexa ratificado polo Pleno, pois ao coincidir co Pleno non ten que levarse á Xunta de Goberno Local e despois ratificalo aquí. O Sr. Alcalde da lectura á proposta presentada:

Proposta da Alcaldía de adhesión do Concello do Barco de Valdeorras ao convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións provinciais, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para a implantación dos Grupos de Emerxencias Municipais

ANTECEDENTES

1 Convenio de Colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para a implantación dos Grupos de Emerxencias Municipais.

2 Informe de Secretaría de 4 de xuño de 2013.

3 Informe da Intervención de 5 de xuño de 2013.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1ª Logo de ver o Convenio de Colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para a implantación dos Grupos de Emerxencias Municipais.

2ª Logo de ver os informes, de carácter desfavorable, da Secretaría e Intervención municipais, de 4 e 5 de xuño de 2013, respectivamente.

3ª De conformidade co disposto no artigo 22 da Lei 7/1985 Reguladoras das Bases de Réxime Local, e demais normativa de aplicación.

ACORDAMOS:

1º Solicitar a adhesión do Concello do Barco de Valdeorras ao Convenio de Colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para a implantación dos Grupos de Emerxencias Municipais.

2º Manifestar a vontade da adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeción plena a todas elas.

3º Facultar ao Sr. Alcalde para a realización dos trámites necesarios para a formalización da adhesión.

Di o sr Alcalde que pensa que está suficientemente explicado cal é a finalidade dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais.

Fai uso da palabra o Sr. Blanco Paradelo quen di que están a favor desta cuestión, pero que lle preocupa unha cuestión cal é a relativa a que ultimamente no Concello do Barco estanse convertendo moitas prazas temporais en indefinidas, e o sr Alcalde non cortou isto a pesar de levar gobernando 14 anos, xa que cada traballador que empeza con contrato temporal acaba sendo, mediante sentenzas, indefinido e eso preocúpalle. Que non sabe si ó Alcalde lle preocupa pero que non fai nada por cortalo e segue habendo casos e haberá casos novos.

Di o concelleiro que o seu Grupo pediu unha comisión de persoal sobre ese tema, e que lle preocupa que tamén poda suceder nos contratos dos GES.

Pídelle ao sr Alcalde que, por favor, preste especial atención ao tema dos contratos temporais no Concello do Barco.

Remata o Sr. Blanco dicindo que van votar a favor pois consideran que O Barco e a Comarca necesitan ese servizo, sinalando que é moito diñeiro público o que se destina a este tipo de prevencións, e que si existira esta responsabilidade por parte da cidadanía, moita parte dese presuposto da Consellería de Medio Rural que se destina a isto poderíase destinar a outros servizos.

Di o sr Alcalde que este asunto é un “morto” que lle pasou aos Concellos a Xunta, polo que dille ao Sr. Blanco que non diga si lle preocupa ou non.

Di que a Xunta decidiu que unha competencia que non é municipal, para resolver o problema que levaba negociando dende o 2007 e ata esta

FEGAMP non se chegou a un acordo, pasara aos concellos, e os 25 concellos o aceptan sabendo onde se meten, e o aceptan porque consideran que é necesario para garantir a seguridade dos cidadáns e porque se non se aceptara non habería este servizo.

Di que si o 31 de decembro do 2015 a Xunta segue a sufragar este servizo, xa se verá si o persoal sácase a concurso como persoal fixo ou non, pero si a Xunta deixa de subvencionar o servizo pois acabouse o servizo porque non é competencia municipal, e aos traballadores haberá que indemnizalos, que con eso xa se conta.

Di o Alcalde que o portavoz do PP sempre di que non se pode aprobar un expediente que ven con informes desfavorables e reparos, e este expediente os trae pero como ven da Xunta o aprobamos favorablemente.

Di o Sr. Alcalde que os GES son Grupos de Emerxencia Supramunicipais, que solo acudirán a chamadas do 112, é dicir de emerxencias, non irán a apagar os incendios forestais, irán a protexer as vivendas dos pobos cando o fogo se acerque.

Di que as brigadas contra incendios forestais pasoulas a Xunta aos concellos, e aínda que é outro problema máis, os alcaldes decidiron que quizás o máis conveniente fora contratar as brigadas pois haberá cinco ou seis persoas traballando durante seis meses, polo tanto o sr Blanco estará preocupado pero seguro que a Xunta non o está botándolle marróns aos concellos.

Remata o sr Alcalde dicindo que a pesar dos informes desfavorables o seu Grupo aceptou no seu día o convenio e o apoiaron.

Fai uso da palabra o sr Blanco Paradelo quen di que o Alcalde conta o do convenio dos GES como que é un fastidio e que lle consta que traballou para conseguilo.

Di que insiste e reitera que na capacidade do Alcalde está o tema dos contratos e despois haberá que facer unha revisión do convenio.

Contesta o sr Alcalde que si o deixa o ministro de facenda, pois aínda que queira sacar as prazas a fixas, non pode porque non o deixan, e esa é unha realidade.

Di que algunha das prazas que están agora en indefinidas non o estarían si se houbera podido sacar a concurso e non se puido e o Sr. Blanco xa o sabe, concluíndo que, todas esas prazas, cando se poda saerán.

Rematado o debate o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezaseis membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

1º Solicitar a adhesión do Concello do Barco de Valdeorras ao Convenio de Colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para a implantación dos Grupos de Emerxencias Municipais.

2º Manifestar a vontade da adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeción plena a todas elas.

3º Facultar ao Sr. Alcalde para a realización dos trámites necesarios para a formalización da adhesión.

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, di o Sr. Alcalde que hai unha petición de Jesús Fernández Digón, para o arranxo de fachadas, na rúa Real nº 31, que ven cos informes favorables.

Bonificación ICIO solicitada por Jesús Fernández Digón

Non producíndose debate, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezaseis membros asistentes, o Pleno acorda:

Primeiro: A declaración formal da obra solicitada por D Jesús Fernández Digón (R.E. 3 de xuño de 2013) de interese social, cultural e histórico, por concorrer circunstancias de edificación de interese histórico artísticas e culturais.

Segundo: Propoñer á Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 95% do I.C.I.O.

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, di o sr Alcalde que hai unha petición de Joaquín

García Núñez, para rehabilitación de inmueble para vivenda, na rúa Igrexa nº 26 de Viloiira, que ven cos informes favorables.

Bonificación ICIO solicitada por Joaquín García Núñez

Non producíndose debate, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes, o Pleno acorda:

Primeiro: A declaración formal da obra solicitada por D Joaquín García Núñez (R.E. 12 de abril de 2013) de interese social e histórico artístico, por concorrer circunstancias de edificación de interese histórico artísticas e culturais.

Segundo: Propoñer á Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 75% do I.C.I.O.

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, o voceiro do BNG, Sr Sierra Nieves dá lectura da primeira moción presentada.

Antes de proceder á lectura di o concelleiro que fai unha modificación na moción consistente en retirar do seu punto 5 a seguinte frase “ e en que se transmitan mensaxes contra a modificación desta lei ”.

Introducida a modificación, a moción copiada literalmente di:

“MOCIÓN SOBRE A REFORMA DA LEI DO ABORTO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A entrada en vigor da Lei orgánica 2/2010, de 3 de marzo de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo supuxo un paso importante á hora de reducir as barreiras que limitaban o acceso das mulleres ao aborto, aínda que presenta aspectos moi mellorábeis como son non regular adecuadamente a obxección de conciencia, a privatización da prestación, a estigmatización de quen practica interrupcións voluntarias do embarazo, a minusvaloración das mulleres ao impor un período de reflexión obrigatorio unha vez comunicada a intención de interromper o embarazo ou a obrigatoriedade de recibir información acerca das axudas ás nais. Así, a posta en marcha deste novo marco regulador presenta carencias evidentes que dificultan o acceso ás interrupcións voluntarias do embarazo. O máis grave son as limitacións de acceso á sanidade pública que na práctica supoñen que a inmensa maioría das mulleres non teñen posibilidade de recibir esta prestación na súa área sanitaria na rede pública. A consecuencia directa disto é o feito de se veren obrigadas a desprazárense a clínicas privadas e, en certos

casos, de teren que acudir a Madrid ou a outros lugares para poderen levar adiante a súa decisión de non continuar co embarazo.

Esta situación é claramente corrixíbel de existir vontade política. É certo que a regulación non reflicte a obriga de prestación directa deste servizo, e que abre as portas a que fique fóra do ámbito público. Mais é evidente que na práctica se está a producir unha privatización desta prestación, un feito que nos preocupa e que os poderes públicos deben corrixir. Só existindo unha oferta desde o ámbito público se pode garantir o acceso igualitario a esta prestación en todo o territorio galego.

O goberno do PP pretende co borrador de lei actual un retroceso de década que vulnera dereitos consolidados das mulleres no referido á súa saúde sexual e reprodutiva. Baixo premisas falsas e mentiras sobre o que se establece na actual lei, a nova normativa impulsada polo Ministro de Xustiza pretende aplicar o programa ideolóxico dos grupos ultra relixiosos que se opoñen aos dereitos das mulleres sen responder, en ningún caso, a criterios económicos nin sanitarios.

Como xa alertan organizacións de mulleres e sindicatos, o único que vai supor é regresar a prácticas de risco como os abortos clandestinos, porque deixa nunha situación de desamparo moitas mulleres que pertencen a colectivos desfavorecidos ou que carecen de recursos, ás que non lles queda máis opción que recorrer á clandestinidade ou asumir maternidades non desexadas. Isto, como ben se comprobou en tempos pasados, supón un grave risco para a saúde das mulleres.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado (e ao Ministro de Xustiza) a manter e aplicar a Lei orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo.
2. Instar á Xunta de Galiza a pór en marcha as medidas necesarias para garantir que en todas as áreas sanitarias, os hospitais públicos galegos, nomeadamente o HCV, atendan a demanda existente de realización de interrupcións voluntarias de embarazo cos seus medios propios, coa finalidade de garantir a igualdade no acceso a esta prestación.
3. Instar á Xunta de Galiza a garantir que a información que reciben as mulleres con carácter previo ao consentimento da interrupción voluntaria do embarazo sexa obxectiva. Para este fin, elimínanse as referencias á *Red Madre* na información que facilite a Xunta de Galiza.
4. Instar á Xunta de Galiza a pór en marcha unha campaña de formación e información sobre métodos anticonceptivos, fundamental para evitar embarazos non desexados e prácticas sexuais de risco.
5. O Concello porá en marcha, a través da área de Igualdade, unha campaña institucional de información e divulgación sobre a Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, en

que se informe ás mulleres dos recursos cos que contan para interromperen voluntariamente o embarazo.”

Fai uso da palabra a concelleira do Grupo municipal do PP a Sra. Delgado Fernández, quen di que dando cumprimento ó programa electoral co que o PP concorreu ás Eleccións Xerais do 20 de novembro de 2011, que contou co apoio maioritario refrendado nas urnas, o Goberno reformará a Lei orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reproductiva e da interrupción voluntaria do embarazo.

Di que será unha reforma lexislativa parcial, non unha derogación, é dicir que estase a falar dunha modificación cuxo espírito é esixir o consentimento parental ou de quen exerza a tutela, en relación ás menores que desexen abortar, e defender o dereito á vida nos termos defendidos pola doutrina do Tribunal Constitucional.

Di que se reservará o dereito á vida e se garantirá a situación das menores, segundo o recollido no programa electoral, e que o Goberno non vai retroceder nin nos dereitos da muller nin tampouco na defensa dos dereitos do concibido e non nacido.

Di que o que se pretende facer, segundo a doutrina do Tribunal Constitucional, é adoptar unha solución xurídica no caso de que ambos dereitos entren en conflito, e dicir, que as mozas menores de idade teñan que contar ca aprobación e apoio dos seus pais ou titores legais para realizar un aborto, da mesma maneira que se esixen autorizacións e permisos actualmente en situacións moito menos arriscadas, importantes e perigosas.

Di a concelleira que a primeira lei reguladora de interrupción voluntaria do embarazo estivo vixente once anos gobernando o Partido Socialista, oito anos gobernando o PP e cinco anos máis gobernando de novo o Partido Socialista, é dicir que durante 25 anos nun tema tan grave, difícil e duro para unha muller, houbo o consenso que marcaba o Tribunal Constitucional.

Di que o PSOE rachou coa doutrina do Tribunal Constitucional, e agora o que o PP quere é acadar unha ampliación obxectiva de dereitos ó situar o dereito á vida do concibido como un elemento que vaia xunto ao dereito ao libre desenvolvemento da personalidade da muller, se trata de ceñirse a doutrina constitucional estendendo o amparo a ambos dereitos sen deixar ningún desprotexido coma sucede ca Lei agora en vigor.

Engade que as acusacións sobre as penas de cárcere para as mulleres que aborten, carecen de fundamento, pois en 25 anos ningunha muller foi ao cárcere por abortar e non irá cunha Lei que aprobe o PP.

Continúa a concelleira dicindo que a Lei do 2010, actualmente en vigor, foi aprobada sen consenso, coa opinión desfavorable dos órganos consultivos e sen que fora demandada pola sociedade, e que a citada Lei, supuxo unha reforma en profundidade da lexislación anterior vixente dende 1985, elaborándoa e aprobándoa, sen ter en conta ás Comunidades Autónomas.

Di que permitir que mozas de 16 e 17 anos aborten sen consentimento parental desprotexe ás menores, vulnera a patria potestade e se inmiscúe na relación de pais e nais coas fillas.

Continúa dicindo a Sra. Delgado Fernández que, por si fora preciso, e en relación co proposto no punto 2 do dispositivo da Moción, o acceso aos servizos sanitarios está garantido na nosa Comunidade, do mesmo xeito que cando entrou en vigor a Lei de 3 de marzo de 2010, Galicia cumpríuna dende o minuto un, poñendo todos os medios materiais e organizativos para garantir a prestación aínda que a Lei fora aprobada sen ningunha achega económica.

Remata dicindo que non hai lugar a dúbida algunha de que cando entre en vigor a modificación, tamén o cumprimento da mesma estará garantido en Galicia.

Fai uso da palabra o concelleiro do Grupo municipal do PSOE, o sr Alonso Araujo, quen di que o seu Grupo vai votar a favor da Moción, despois desa pequena corrección que presentou o voceiro do BNG.

Di que se está ante unha reforma que nos vai a retrotraer case 30 anos atrás, pois a primeira Lei do aborto é do ano 1975, unha lei moi avanzada para aquel momento, a Lei que está agora en vigor é do ano 2010 e ponnos á altura da maior parte dos países de Europa, a Lei de prazos é a mesma que rexe practicamente en todos os países europeos, agás Malta e Irlanda.

Fala o concelleiro de determinados comentarios de altos cargos do goberno coma as declaracións do ministro Jorge Fernández Díaz comparando as mulleres que deciden abortar cos terroristas de ETA.

Di que quen está dirixindo a campaña da reforma da Lei é a Conferencia Episcopal, certas asociacións que se denominan pro-vida e que realmente de

provida teñen pouco, e quere sinalar que nunha recente enquisa a nivel de toda España, un 65% de votantes do PP eran contrarios a suprimir, por exemplo, o suposto das malformacións.

Di o concelleiro que o que transcende é que coa nova Lei vai a haber un aborto diferente para ricas e outro para pobres, que foi o que ocorreu toda a vida, pois as fillas dos grandes prebostes da dereita española ían a abortar a Londres porque tiñan os cartos.

Di que con esta Lei se volve á minoría de idade das mulleres que volven a estar tutoradas ao ter que pedir permiso para poder abortar, veranse implicadas e imputadas en xuízos, cuestionarase a vida da muller, pois as que decidan abortar serán cuestionadas nalgún momento por posibles denuncias, haberá un aumento de abortos clandestinos e de risco, evidentemente.

Di o Sr. Alonso que as leis non reducen o número de abortos, aínda que o PP así o crea, porque inflúen pouco, pois o de abortar é un tema moral e a persoa que o decide vai buscar a maneira de levalo a cabo, co cal por moitas leis e moitas trabas que poñamos non van deixar de haber abortos.

Di que agora mesmo estase asistindo a un fracaso das políticas públicas preventivas, que realmente é aí onde habería que traballar para que boa parte dos embarazos non desexados non tiveran lugar, e por exemplo os programas de educación sexual do Concello do Barco estaos pagando o Concello, pois ata fai un tempo tiñan unha parte de subvención e agora non hai ningunha.

Di que desde a Xunta de Galicia debería velarse pola laicidade do estado e se está metendo na súa información á famosa Red Madre que está detrás de que as mulleres non aborten.

Di o concelleiro que as nais deben selo por elección e non por obrigación ou por mandato governamental, e que tamén se fala moito de que hai que traer os nenos ó mundo en calquera condición, como dixo o ministro Gallardón, pero que eso está ben cando despois esa nai con ese ser que chegou nas condicións nas que chega, vai ter servizos públicos, escolas infantís, dereito a comedores escolares, vivenda, vai a ter un salario digno e axudas para a crianza dese ser cando realmente vese que todo eso está sendo recortado actualmente.

Fala da hipocresía de defender a vida durante os meses de xestación e abandonar a súa sorte as persoas unha vez que chegaron ao mundo ao estar abolida economicamente a Lei de dependencia.

Remata dicindo o Sr. Alonso que a Lei de 2010 está recorrida ante o Tribunal Constitucional, é certo, e entre outros asinantes do recurso hai actuais membros do Goberno como a vicepresidenta, polo que sería xusto agardar a que o Tribunal Constitucional se pronunciara é dicir reformar ou non reformara a Lei, tamén recorda aos presentes que hai membros destacados do PP que se ausentaron das votacións por non estar de acordo co proceso que se estaba seguindo en cuanto á lei do aborto, como por exemplo Celia Villalobos, e a muller máis rica de España, presidenta da fundación Paideia, que é Rosalía Mera está defendendo a Lei do 2010.

Fai uso da palabra o sr Sierra Nieves, quen lle di á concelleira sra Delgado Fernández que para ser a primeira vez que fala no Pleno, fóra de rogos e preguntas, o seu xefe de Grupo meteulle un marronazo, pois tivo que defender unha regresión dos dereitos das mulleres.

Di o concelleiro que el está en contra do aborto, que o di no pleno e en calquera foro, pois o aborto parécelle un drama, pero que está a favor dos dereitos das mulleres e da liberdade das mulleres, que non ten nada persoal en contra da concelleira, pero que sente vergoña de que haxa mulleres que non defendan os seus dereitos.

Fai uso da palabra a sra Delgado Fernández quen di primeiramente que non é a primeira vez que fala no Pleno.

Continúa a concelleira sinalando que hai asociacións en España, como a Red Madre, que se dedican a asesorar a mulleres, a darlles información e a prestarlle axuda e apoio e non solo no relativo ao aborto senón que lles informan en outras cuestións, facendo unha labor de asesoramento e apoio moi importante.

Di que pola Red Madre pasan mulleres de todas as idades e niveis culturais e económicos, mulleres que despois poden agradecer non tomar unha decisión incorrecta no seu momento.

Di a concelleira que o PP levou claramente no seu programa electoral, nas eleccións nacionais, a súa vontade de volver ao sistema anterior no relativo ao aborto, e o PP gañou as eleccións con maioría absoluta, sen embargo o

PSOE cando reformou a Lei no 2010 non o anunciou previamente no seu programa.

Di a concelleira que o PP seguirá cumprindo a normativa vixente estrictamente e como no resto das prestacións sanitarias traballará arreo na garantía da protección sanitaria para todas as mulleres, as cales teñen garantido en Galicia o acceso á interrupción voluntaria do embarazo, segundo o preceptuado pola Lei, sexa quen sexa, governe quen governe.

Fai uso da palabra o sr Alonso Araujo, quen di que el non está a favor do aborto, senón que está a favor de que a muller poda libremente decidir dentro deses prazos, que poida tomar libremente esa decisión sen que ninguén llo impoña.

Di que o ministro Gallardón dixo textualmente que “no entiendo que se despreteja al concebido permitiendo el aborto por el hecho de que tenga algún tipo de minusvalía o de malformación, es éticamente inconcebible”, o que supón, por exemplo, que un feto con anencefalia debe traerse o mundo porque así o di o ministro.

Di que con respecto á asociación Red Madre, parécelle moi ben que haxa distintas asociacións, pero que o que el cuestiona é que dende un organismo público como é a Xunta de Galicia cando unha muller se acerque para informarse das posibilidades que lle ofrezca a Lei, que a dirixan ata unha asociación que é antiabortista, que estamos nun estado laico e que nos temos que ceñir ao que marca a Lei, polo tanto non se pode dende un organismo público redirixir á xente a onde nos interesa porque estamos gobernando e a nós esa política é a que nos interesa facer, non é así, a Red Madre está moi ben pero fóra da Xunta de Galicia.

Di o concelleiro que segundo dixo a concelleira do PP, levaban no programa electoral a reforma da Lei do aborto, que lle parece ben pero que entón terán que cumprir o programa electoral na baixada de impostos, na subida do IVE, creación de postos de traballo, non tocar a sanidade.....

Fai uso da palabra o Sr. Sierra Nieves, quen lle di á Sra. Delgado que el non é quen de aprenderlle a contar pero que non infle tanto o peito porque a maioría deste estado non votou ao PP, que solo hai que facer unhas contas moi fáciles, pois a maioría deste estado, a maioría dos españois non os votaron.

Di a Sra. Delgado Fernández que si o Sr. Sierra quere formar un Grupo político que saque máis votos e máis concelleiros.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por nove votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Alonso Araújo, Fernández Arias, Dacal Feijoo e Sierra Nieves) e sete en contra (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez) o Pleno acorda:

- 1. Instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado (e ao Ministro de Xustiza) a manter e aplicar a Lei orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo.**
- 2. Instar á Xunta de Galiza a pór en marcha as medidas necesarias para garantir que en todas as áreas sanitarias, os hospitais públicos galegos, nomeadamente o HCV, atendan a demanda existente de realización de interrupcións voluntarias de embarazo cos seus medios propios, coa finalidade de garantir a igualdade no acceso a esta prestación.**
- 3. Instar á Xunta de Galiza a garantir que a información que reciben as mulleres con carácter previo ao consentimento da interrupción voluntaria do embarazo sexa obxectiva. Para este fin, eliminaranse as referencias á *Red Madre* na información que facilite a Xunta de Galiza.**
- 4. Instar á Xunta de Galiza a pór en marcha unha campaña de formación e información sobre métodos anticonceptivos, fundamental para evitar embarazos non desexados e prácticas sexuais de risco.**
- 5. O Concello porá en marcha, a través da área de Igualdade, unha campaña institucional de información e divulgación sobre a Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, en que se informe ás mulleres dos recursos cos que contan para interromperen voluntariamente o embarazo.**

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, o voceiro do BNG, Sr. Sierra Nieves dá lectura da segunda moción presentada, que copiada literalmente di:

“MOCIÓN PARA QUE NON SE PRACTIQUEN FUMIGACIÓN MASIVAS CON HERBICIDAS NA VEXETACIÓN DOS CÓMAROS DAS ESTRADAS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cada ano en datas primaverais, algunhas vías de comunicación dependentes da Xunta, do Estado, das deputacións ou de concellos, veñen ser fumigadas con grandes cantidades de herbicidas para eliminar a vexetación que medra nos cómaros dos viais. Estas fumigacións prexudican gravemente os cultivos, as augas e o medio ambiente. Tanto organizacións ecoloxistas e sociais como produtores agrarios denunciaron en moitas ocasións esta práctica por constituir un atentado contra o medio ambiente, prexudicar os cultivo e danar tamén as augas, porque os taludes laterais das estradas serven para canalizar as augas pluviais co cal os herbicidas son transportados aos ríos.

Foron mesmo en ocasións as persoas produtoras de uva en zonas próximas ás autovías as que denunciaron a mingua considerábel nas súas producións debido ao mal uso de herbicidas por parte das administracións ou concesionarias. De feito, constátase que, por exemplo, o Ministerio de Fomento emprega un herbicida co potente MCPA que ten efectos prexudiciais nas colleitas. Para contrarrestar uns efectos que poden alongarse até dous anos, labregas e labregos teñen que realizar un gasto extra para aplicar un tratamento intensivo nas súas plantacións para impedir a acción dunha substancia que xa parou o medre de moitas vides.

Para alén destas consideracións principais, moitas estradas pasan por zonas densamente poboadas, cascos urbanos e outras áreas sensíbeis.

É por isto que o grupo municipal do BNG solicita desta corporación a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza e a Deputación provincial a que vixíen e impidan a aplicación de herbicidas nas vías da súa competencia, promovendo técnicas alternativas menos agresivas como as rozas mecánicas selectivas que respecten as especies autóctonas, os cultivos, as augas e o medio ambiente.
2. Instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado a prohibición do uso de herbicidas nas vías de competencia estatal, tal como vén facendo o ministerio de Fomento, utilizando alternativas que respecten o medio ambiente, os cultivos e as augas.”

Fai uso da palabra o concelleiro Sr. Crespo Díaz quen di que en base a datos técnicos, os tratamentos polinizadores de crecemento é un máis dos traballos que se levan para controlar a vexetación nas marxes das estradas, complementando os traballos de roza mecánica ou manual de difícil acceso.

Di que os herbicidas veñen usándose dende vai anos nas estradas autonómicas ó igual que nas estradas competencia doutras administracións, coa finalidade de retrasar o crecemento da vexetación nas marxes das vías así como mellorar a súa funcionalidade, visibilidade, sinalización, etc.

Di que as aplicacións con herbicidas loitadores do crecemento da vexetación lévanse a cabo cumprindo a lexislación técnico-sanitaria vixente, segundo o disposto na Lei 93/2002, de 20 de novembro.

Di o concelleiro que a composición dos produtos fito-sanitarios que se veñen empregando para o retraso do crecemento da vexetación é glifosato, sen que se utilicen produtos con MCPA, que segundo os datos da ficha de seguridade do produto comercial empregado recolle a súa baixa toxicidade, indicando que non provoca ningún efecto nocivo si se utiliza seguindo as instrucións de emprego recomendadas.

Di o Sr. Crespo que as aplicacións realízanse en franxas lonxitudinais de ancho máximo comprendido entre 0,5 e os 3 metros, controlando en todo momento o ancho da aplicación para non afectar a cultivos, zonas sensibles ou ós viñedos, e que así mesmo estas aplicacións efectúanse con condicións meteorolóxicas favorables, é dicir con vento débil e baixa probabilidade de choiva.

Fai uso da palabra o concelleiro sr Ojea Arias, quen di que como portavoz do Grupo Municipal Socialista vai falar da moción que presenta o BNG.

Di que unha vez escoitados os motivos está de acordo, porque é así, os insecticidas son fito-sanitarios que teñen un composto químico, e todo composto químico en exceso pode producir alteracións no medio ambiente, sen embargo existen herbicidas que teñen doses baixas, como pode ser por exemplo o glifosato o 36% que é unha dose suficiente para eliminar as plantas vexetais.

Di o concelleiro que no Concello utilízanse moitas veces herbicidas orgánicos, que son selectivos no punto onde se utilizan, e que están de acordo en que se debe controlar o uso de herbicidas perigosos, polo que pedirían que no acordo da moción se inclúa a aplicación de herbicidas de espectro aconsellable.

Di o Sr Sierra que explique o voceiro do Partido Socialista como quere que quede o texto, que el está disposto a cambialo.

Di o Sr Ojea que en vez de ser herbicida xenérico, poñer herbicida que non sexan superiores a glifosato 45%.

Fai uso da palabra o sr Crespo quen di que o seu Grupo quere deixar claro a súa preocupación polo medio ambiente e tamén que este Concello utiliza eses herbicidas nos parques infantís, como é no parque dos Nidos, e noutros lugares.

Di que a argumentación que fixo está baseada en datos e informes técnicos que seguen criterios estrictos de control medioambiental, e tamén di que nos mercados existen produtos que se poden adquirir para uso particular e que hai que supoñer que cumpren os requisitos para os fins aos que se van a usar e que incluso quen os manipula estea capacitado para facelo, canto máis a administración que dispón de operarios coa preparación necesaria para facelo.

Di o concelleiro que este tipo de produtos que se utilizan como herbicidas están autorizados pola Axencia Ambiental Americana, pola Organización Mundial da Saúde, pola Comisión Europea e en España tamén está autorizada a súa aplicación. Remata o sr Crespo dicindo que o voto do seu grupo vai ser en contra da Moción.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por nove votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Alonso Araújo, Fernández Arias, Dacal Feijoo e Sierra Nieves) e sete en contra (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez) o Pleno acorda:

1. Instar á Xunta de Galiza e a Deputación provincial a que vixíen e impidan a aplicación de herbicidas de poder contaminante superior de GLIFOSATO 45% (ISOPROPILAMINA) nas vías da súa competencia, promovendo técnicas alternativas menos agresivas como as rozas mecánicas selectivas que respecten as especies autóctonas, os cultivos, as augas e o medio ambiente.

2. Instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado a prohibición do uso de herbicidas nas vías de competencia estatal, tal como vén facendo o ministerio de Fomento, utilizando alternativas que respecten o medio ambiente, os cultivos e as augas.

2º Rogos e preguntas

Pide a palabra o Sr. Crespo Díaz quen di que nas marxes da estrada de Viloiira a Vilariño, quedaron sen retirar as rodas que se colocaron despois da última edición da proba de carrilanas, e ninguén se cre que quedaran alí dun ano para outro por si se celebraban de novo, e que é o mesmo cabe dicir de que se deixa o palco da música dunha festa para outra.

Di que eso é unha seria e grave irresponsabilidade, porque o caucho é un material altamente inflamable e o seu uso, como o resto de compoñentes que levan as rodas, é moi contaminante, ademais da degradación paisaxística que produce, e que proba diso é, que por estar onde están, un mes e medio despois, arderon e alí quedaron os restos queimados, como poden verse polos arillos metálicos da roda, e pregunta o Sr. Crespo si están alí como atractivo turístico ou si hai que pensar que dende a primeira á oitava edición, que foi a última, tiñan que quedar alí.

Di o concelleiro que por qué o concelleiro delegado de medio ambiente ou o concelleiro delegado de deportes non ordenaron retiralas, que ó final botaranse as culpas uns a outros, como veñen facendo ultimamente.

Remata o sr Crespo dicindo que serva como rogo a petición de retirada dos restos que quedaron nas marxes.

Di o Sr Alcalde que aceptado o rogo.

Pide a palabra a Sra. Delgado Fernández quen di que lle quere preguntar dúas cousas ó concelleiro de Deportes.

Di que a primeira pregunta é que qué pasou coa adxudicación das piscinas de verán, cál foi o procedemento e porqué non se fixo público, e que a segunda pregunta é que qué está pasando co retraso nas mesas de contratación das escolas deportivas, si igual que o ano pasado vanse a retrasar ata o mes de outubro ou novembro.

Contéstalle o Sr. Fernández Arias, concelleiro delegado de Deportes, que hoxe fíxose a proposta de adxudicación das piscinas, que se fixo unha invitación a tres empresas e nestes días adxudicárase.

Di o concelleiro que en canto ás escolas deportivas, non corren ningunha presa de momento, que están esperando a comunicación do Interventor do día no que se vai reunir a mesa de contratación para proceder á apertura dos sobres, e que no ano anterior acabou o procedemento no mes de setembro e

estamos a principios de xuño e que pensa que a finais de xuño estarán adxudicadas.

Di o sr Fernández que hai moitos outros asuntos urxentes que hai que sacar adiante antes que as escolas deportivas.

Di o Sr Alcalde que quere facer dúas aclaracións.

Di que cando se pregunta por qué non se fixo público, foi porque como era por un ano fíxose un proceso negociado sen publicidade, polo que se invitou a tres empresas facéndose un expediente, e que neste Concello se de algo non se poden queixar e do acceso aos expedientes xa que poden sentarse cos técnicos e acceder a todos expedientes o que non sucede habitualmente.

Di o Alcalde que houbo que repetir o expediente porque cando xa estaba para adxudicar o 31 de maio o Interventor deuse conta de que había algo mal feito, entón el deu orde de paralizar o proceso e volveu a comezar, e que hoxe xa se abriu a oferta económica e ó final vaise a adxudicar.

Di que deulle orde ó secretario en funcións que no mes de setembro comece o proceso para o ano que ven para adxudicación das piscinas ó aire libre dous máis dous e por concurso público.

Di o Alcalde que a segunda aclaración que quería facer é que os técnicos estiveron cos temas do Pleno e paralizouse o proceso da adxudicación das escolas deportivas pero que na semana que ven xa se reunirá a mesa de contratación.

Pide a palabra o Sr. Sierra Nieves quen di que a ver si se pon algún micro máis para poder oír ben as intervencións dos concelleiros e concelleiras.

A continuación refírese á Escola Infantil Municipal, sinalando que, na Comisión de servizos sociais, déronse informacións que non son as correctas, dicíndose que había sete nenos excluídos da gardería, e aos pais que solicitaban praza, dixéronlle que eran nove, e ao final son cinco.

Di que outra cousa é que el propuxo nesa Comisión que se chamara aos nenos excluídos e que dende o Concello se lles facilitara a busca dunha praza e incluso a posibilidade de poder axudar a esas familias, vendo a diferenza que hai entre o que costa a escola pública e a privada, e darlle unha pequena axuda, e dende este Goberno díxoselle que si que se puxeran en contacto coas familias dos nenos, pero con ningún dos pais dos cinco

excluídos se puxo o Concello en contacto, entón pídelles que deixen de mentir nas Comisións, que isto é un rogo.

A continuación o Sr. Sierra fai referencia a unha conversa cunha funcionara do Concello, con motivo dunha acta que tiñan que firmar os noivos nunha cerimonia de casamento que el ía a oficiar.

Polo concelleiro dáse lectura á conversación. Indica que déronlle a acta en castelán e que el a solicitou en galego, que logo da espera, que supón que sería como método de persuasión para que desistira na súa petición, conseguíuna en galego, cousa que non lle preocupaba moito porque el tiña garantido que esa acta ía a estar en galego porque a traducía el.

Di o concelleiro ao sr Alcalde si lle pode dicir quén lle pon trabas ao idioma e si é ou non é unha discriminación o que acaba de contar, posto que os traballadores e traballadoras do Concello deben coñecer a lei, pois é un requisito que se lles pide, e que o Estatuto de autonomía de Galiza recoñece que o galego é a lingua propia de Galiza e insta a que os poderes públicos garantan “o uso normal e oficial dos dous idiomas” e potencien “o emprego do galego en todos os planos da vida pública” (art. 5.3).

Di que por outra banda, a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, no referente á exclusión do galego por parte das administracións públicas, reconece no seu artigo 4.1 que o galego, como lingua propia de Galiza, é lingua oficial das institucións da Comunidade Autónoma e da súa Administración; e no artigo 6.3, do devandito texto legal, insta aos poderes públicos de Galiza a promoveren o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns, ao igual que a Lei 5/1988, de uso do galego como lingua oficial polas Entidades Locais.

Así mesmo, di o concelleiro, que a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galiza, indica no seu artigo 7 que “o galego, como lingua propia de Galiza, éo tamén da súa Administración Local”, e continúa dicindo que “todos os actos de carácter público ou administrativo que se realicen por escrito en nome das corporacións locais redactaranse en lingua galega”.

Remata o Sr. Sierra dicindo que non é normal que fagan esperar a unha persoa que solicite uns documentos no idioma propio e que eso está pasando no Concello a día de hoxe. Di o concelleiro que a culpa do que pasa no Concello só é do sr Alcalde como responsable da súa organización, e como xefe do persoal.

Di o Sr. Alcalde que estamos no punto do Pleno de “Rogos e Preguntas” e cando o sr Sierra queira presentar unha Moción que a presente, como xa o fai por vía de urxencia, pero que un rogo e unha pregunta está claro o que é.

Di o Sr Sierra que parécelle increíble que nunca se fixera un casamento en galego neste Concello e que non haxa nos arquivos desta Casa actas de casamento no idioma propio deste país, e que iso só ten un responsable e non é un técnico.

Di que tamén recoñece os esforzos do Alcalde por falar un idioma que non é o seu, pero que todos os esforzos son poucos cando se trata dun cativo indefenso ante un xigante invasor, que a diario textos deste Concello están integramente en castelán, a atención cidadá nas oficinas faise en castelán ata naquelas ocasións nas que a persoa que acude fala en galego, o mesmo na atención telefónica, que pódese comprobar chamando por teléfono ó Concello, e que pensa que todo isto que sinala non se pode consentir.

Di que nomeadamente hai un departamento que sempre incumpre a Lei lingüística que é a Policía Local, que ademais dos escritos faino con todos os carteis de anuncios, e que outro departamento que non se queda atrás é o de Turismo, cuxa concelleira sacou folletos que independentemente de sacalos na lingua que sexa deberían utilizarse ben as toponimias.

Di o concelleiro que lle consta que no Grupo Socialista hai algún galeguista e apela a eles, pero que quen debe facer cumprir a Lei é o Presidente deste plenario.

Di que con todo o que leva dito non pretende facer política, pois para el a lingua non é política, que leva dous anos aquí e nunca trouxo a Pleno ese tema e por eso non vai presentar unha Moción por ese tema porque non é un tema político senón que a lingua é patrimonio de todos, a cultura é universal, por eso non lle vai a instar ao sr Alcalde a que se cumpra a Lei senón que llo pide de corazón, e que tamén lle pide que se apropie da lingua e non deixe que sexa patrimonio duns poucos e que sobre todo non deixe que quede reducida a ser utilizada polos caciques culturais deste país, que os hai.

A continuación dille que lle vai contar unha historia.

Di o Sr. Alcalde que se vai ver obrigado a retirarlle a palabra ó sr Sierra porque o que está expoñendo non é un rogo, que se está extralimitando no

uso dos seus dereitos. Di que rogos dese estilo non os vai consentir máis, porque hai que saber en qué punto do pleno se está.

Di o Sr. Sierra que hai corenta anos no lugar máis profundo da Serra do Invernadoiro chegaba un mestre de provincias casteláns, amante de Valle-Inclán, que era hostil e osco coma el so, que aprendía aos nenos e nenas baixo o lema que sabemos todos “la letra con sangre entra”, e nesa aula onde convivían rapaces e rapazas de todas as idades, máis preocupados de sacar o gando adiante que de aprender os ríos da conca mediterránea ou os reis godos, había unha rapaciña que se expresaba como aprendera, e unha tarde, logo de moitas ameazas o mestre fíxolle tragar varias páxinas da enciclopedia Álvarez, xusto aquelas que explicaban a gramática española, e logo sacouna do aula rodando a patadas.

Di que non hai tantos anos diso e persoas como ese mestre son os mesmos que hoxe militan en partidos que o sistema denomina democráticos, pero que a día de hoxe non condenaron os asasinatos franquistas, os mesmos que cando hoxe me ven por algunha rúa do Barco gritan “arriba españa”, que supón que buscando alteralo e que o que conseguen é que sinta mágoa deles, da súa falta de corazón e de respecto por tantas vítimas.

Di o concelleiro que volvendo a historia que está a contar, esa rapaciña que acabou sangrando polo nariz por unha das patadas do mestre hoxe é a súa nai, que supón que entenderá porqué hai que defender o idioma e que entenderá porqué o idioma non é política para el, o idioma é moito máis ca iso e está no máis profundo do ser racional, que o idioma sobre todo, para el, é amor e que só lle volve a pedir que se apropie del para non sentirnos coma Rosalía, que se sentía estranxeira na súa patria.

Remata, o concelleiro, regalándolle ao sr. Alcalde un poema de Florencio Delgado Gurriarán.

3º Dación de contas:

1. Informe das resolucións da Alcaldía dende o nº 204/13 ata ó nº 256/13, e das actas da Xunta de Goberno Local de 25 de abril e 2, 9 e 16 de maio de 2013.

A Presidencia dá conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía dende a última sesión ordinaria ata a data da convocatoria da sesión e que abranguen dende o nº 204/13 ata o nº 256/13, e das actas da Xunta de Goberno Local de 25 de abril e 2, 9 e 16 de maio de 2013.

2 Informe en materia de morosidade 1º Trimestre 2013.

Dáse conta pola alcaldía-presidencia do informe de morosidade do primeiro trimestre do ano 2013, sobre cumprimento da Lei de Morosidade e do informe da alcaldía sobre xustificación do incumprimento.

E non habendo máis asuntos que tratar polo sr. alcalde-presidente levántase a sesión sendo as 22:10 horas do día indicado no encabezamento, estendéndose a presente acta do que eu, como secretario, dou fe.

O secretario acctal,

O alcalde

José de Lis Santos-Ascarza

Alfredo L. García Rodríguez